



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27-09-12.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ D. EMILIO MESIAS FARIAS D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO.:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e nove minutos do día vinteseite de setembro de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

**PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 26-07-2012.-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestar a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2012.

**PUNTO NÚM. 2.- RATIFICACIÓN FESTIVIDADES LOCAIS 2013.-**

Dase conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 11 de setembro de 2012, que seguidamente se transcribe:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Núm. 222-12.-**

Visto o escrito de data 14 de agosto de 2012, remitido pola Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais Departamento Territorial da Coruña, comunicando o calendario laboral autonómico para o ano 2013, e interesando que se remita acordo plenario de designación de festividades locais do Concello de Ares antes do 30 de setembro de 2012 e, estando fixada a vindeira sesión plenaria ordinaria para a derradeira semana do mes de setembro do 2012.

Vistas a proposta da Concellería delegada da área que como nos anos anteriores establece como festividades locais o Mércores de Cinza (13/02/2013) e o Voto de Chanteiro (21/05/2013).



Vistos os preceptos de xeral aplicación, en especial a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídicos das Entidades Locais, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**VEÑO EN RESOLVER:**

**Primeiro.-** Designar como festividades locais do Concello de Ares para o vindeiro ano 2013 as seguintes: Mercores de Ceniza (13/02/2013) e o Voto de Chanteiro (21/05/2013).

**Segundo.-** Dese traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais Departamento Territorial da Coruña aos efectos oportunos e dese conta da mesma na vindeira sesión plenaria que se celebre.”

O Concello Pleno por unanimidade acorda ratificar as festividades locais correspondentes o ano 2013.

**PUNTO NÚM. 3.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS “EXPROPIACIÓNS PARA PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA COLEXIO CPI CONDE DE FENOSA”.**

\_Dase conta da Alegación presentada por D. Angel Sar Castiñeira, do seguinte teor literal:

“Teniendo conocimiento de la publicación en el BOP núm. 145 de fecha 01-08-2012, de la expropiación ampliación CPI CONDE DE FENOSA, presenta documentación acreditativa de la titularidad de la finca de 454 metros cuadrados con referencia 15004ao18003220000YD, no oponiéndome a la expropiación, pero si reservándome el derecho a poder recurrir la valoración emitida correspondiente a mi finca”

A vista do cal o Pleno do Concello acorda darse por enterado e reitera a Xunta de Galicia a Declaración de Urxente ocupación.

**PUNTO NÚM. 4.- INTEGRACIÓN CO CONCELLO DE ARES NA SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO FERROL S.A.**

**Dase conta do Informe do Sr. Secretario do seguinte teor literal:**

**Asunto: Proposta para a integración na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol por parte dos Concellos que forman o Xeodestino Ferrolterra.**

En virtude das función encomendadas a esta Secretaría conforme ao sinalado nos artigos 54 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,



aprobado por Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, sobre réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, cabe emitir nos termos establecidos no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2168/1986m de 28 de novembro, o seguinte Informe baseado nos seguintes:

Vista a posibilidade de proceder á integración do Concello de Ares na sociedade de economía mixta de turismo da localidade de Ferrol, de conformidade acordado no seno da Mancomunidade de Municipios da Ría de Ferrol, o que suscrebe,

### **INFORMA.**

A decisión que agora se pretende ten a súa orixe nun escrito remitido polo Presidente da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, no que se fai constar que o Pleno da Mancomunidade citada, en sesión celebrada o 19 de marzo de 2012, acordou, por asentamento, solicitar a esa Sociedade Mista, o inicio do proceso de integración dos Concellos representados naquela entidade local. Ao devandito escrito se acompañan un certificado do acordo plenario de Concello de Ferrol, polo que se aproba a modificación dos estatutos correspondentes á constitución da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol (referidos, como non podería ser doutro xeito á sociedade que naqueles intres se constituíu nese municipio e non á nova realidade que agora se pretende), así como unha “PROPOSTA PARA A INTEGRACIÓN NA SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL, POR PARTE DOS CONCELLOS QUE FORMAN O XEODESTINO FERROLTERRA”, elaborada pola Xerencia da Mancomunidade, según consta na acta dese organismo anteriormente citada.

Cabe reseñar que en atención, ao establecido nos estatutos daquela entidade local, esta terá como fins, entre outros, a promoción económica así como o establecemento de calquera outro servizo que redunde en beneficio dos distintos concellos mancomunados, sempre que así se acorde polo Pleno da Mancomunidade por maioría absoluta dos seus membros, razón pola cal se estima axustada a dereito a decisión de asumir como propio e xestionar o servizo/actividade turística dos concellos que a integran.

De acordo coa documentación remitida a este Concello e obrante no expediente da súa razón anteriormente sinalada, e tendo en conta a previa existencia na comarca dunha sociedade de economía mixta de Turismo no concello de Ferrol, podería estimarse convinte dun xeito discrecional, non proceder á creación dun novo ente, senón proceder á integración dos diferentes concellos interesados no seo daquela entidade de ámbito exclusivamente ferrolano.

Dando pois por coñecida a complexa regulamentación legal sobre a natureza mesma da promoción turística como servizo público local, así como as distintas formas xestoras de tales servizos recollidos na normativa local e contractual de aplicación ás nosas administracións



públicas resta únicamente sinalar que será, no seu caso, a Mancomunidade de Municipios a entidade responsable da integra tramitación do expediente acreditativo da necesidade e conveniencia de prestar o servizo de promoción turística a través desde organismo e, precisamente, a través desta forma xestora, mediante o procedemento legalmente previsto ao efecto e que en todo caso (véxase o acordo adoptado polo Concello de Ferrol incluído na documentación aportada dende a Sociedade Mixta de Turismo ferronala) esixirá a previa elaboración por unha comisión creada ao efecto no seno da Mancomunidade, dunha memoria xustificativa de forma de xestión a elixir (coa preceptiva publicación da mesma), así como os obrigados estudos de viabilidade económica financeira e do proxecto de estatutos da sociedade mercantil que resulte da incorporación de novos socios. (O que non se fixo neste intre, non podendo considerar como tales á “PROPOSTA PARA A INTEGRACIÓN NA SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL, POR PARTE DOS CONCELLOS QUE FORMAN O XEODESTINO FERROLTERRA” transcrita na acta da sesión daquel órgano do 12 de marzo de 2012).

Nesa memoria contempláranse igualmente as diferentes posibilidades xurídico-económicas de integrar na sociedade xa existente e no seu capital social, aos distintos municipios interesados; sendo precisamente no se daquela comisión onde se haberán de debatir os pormenores de natureza administrativa e mercantil propios da nova entidade que se cree e o seu contido estatutario, tales como a súa denominación, sede social, órganos decisorios, (presencia de técnicos municipais dos accionistas no seo daqueles), persoal, réxime dos acordos, etc, e non só os referidos ao capital social aos que se limita a “PROPOSTA PARA A INTEGRACIÓN NA SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL, POR PARTE DOS CONCELLOS QUE FORMAN O XEODESTINO FERROLTERRA” tantas veces citada.

Non existe ningún inconveniente na utilización, como referencia, da documentación que serviu de base á aprobación e constitución da sociedade mixta ferrolá nin na toma en consideración do Plan de Viabilidade e estudo económico financeiro para a creación dun ente mixto de xestión turística no territorio de Eume-Ferrol-Ortegal elaborado previamente no ano 2009, pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña (utilizando ao parecer para “establecer o orzamento adecuado para o funcionamento do ente e o reparto de achegas entre as entidades), pero en todo caso, a xustificación que se faga desta utilización debería ser superior á recollida na documentación reseñada ao inicio deste informe.

Este é o meu informe en Ares, a trece de setembro de dous mil doce”.

O Sr. Alcalde manifesta que Ares formaba parte dunha Entidade para promover o turismo nas Zonas de Ferrol, Eume e Ortegal, esa Sociedade desaparece para dar lugar á integración, e a constitución de outra máis ampla, e en consecuencia ese é o punto que hoxe se trae, a nosa integración na nova Sociedade Mixta de Turismo.

Aberto o Turno de intervencións, toma a palabra o Sr. Luis Cendán: Eu brevemente Alcalde, estiven lendo o informe de secretaria, e no último parágrafo nos dí que falta xustificación, e



polo que eu estou enterado, parece que hai varios criterios con respecto a esto, en canto á utilización pon a xustificación que se faga desa utilización debía ser superior á recollida na documentación reseñada o incio deste informe, entonces eu digo se esto pode dar lugar a algún problema á hora de tramitación, di que a memoria é corta, ven a dicir, senón que polo Sr. Secretario se nos diga o que quere dicir eso.

Resposta o Sr. Secretario, que a proposta é válida, pero a memoria é moi escueta, Neda xa a aprobou.

Sr. Luis Cendán, en canto o procedemento podemos ter algún problema?.

Sr. Secretario, non.

SR. Alcalde: E unha sociedade incipiente, entonces trámitese a través da Mancomunidade, e imasino que non están todos os instrumentos para coñecer moi ben como vai a ser todo o desenvolvemento desta Sociedade, quizáis tal vez a memoria poder ser escasa, porque efectivamente tratase de algo que esta a nacer no seo da Mancomunidade e en consecuencia é un comenzo.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG: Bo día a todos e a todas, nos estamos conformes con que o proxecto turístico debe ter un ámbito comarcal, en liña co que fixo o BNG cando gobernaba tanto na Xunta como na Deputación co Plan aquel de dinamización turística, e hai que lembrar que unha das poucas iniciativas que se fixera en Ares a da Caseta de Turismo leva tres anos pechada, simplemente é integrarse nun proxecto que xa ten en marcha o Concello de Ferrol, pero onde semella que hai que sumarse, somos máis os acompañantes que protagonistas, entonces nos debido a que non está claro no aspecto creo que esto pode quedar sobre a mesa para un mellor estudio con todos os datos de verdade, porque aquí faltan moitos datos..

Resposta o SR. Alcalde, que non falta ningún dato, os que están loxicamente foron aportados ó Pleno, en consecuencia todos os Concellos están aprobando a súa integración, e en consecuencia trátase dun primeiro paso nin máis nin menos, que para poñer en marcha a Entidade que vai a suplir a ausencia, dese plan de dinamización, non hai Plan de Dinamización e consecuencia a Mancomunidade pon en funcionamento esta Sociedade Mixta, tratase de poñer en funcionamento unha sociedade, que logo terá que facer o seu propio Plan e tera que facer loxicamente as actuacións que estatutariamente podan definila en colaboración evidentemente pois coa Xunta de Galicia, e co Sector empresarial privado, o resto dos Concellos estanse integrando, eu penso que non hai ningún motivo de dúbida para que efectivamente Ares retrase a súa integración cando o resto dos Concellos a están aprobando nos Plenos correspondentes, en calquer caso a súa posición votase, e non hai ningún problema, en consecuencia procedemos á votación.



Sometida a votación a proposta do Grupo Municipal do BNG de que o asunto quede enriba da mesa, o Pleno do Concello por 2 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 7 votos en contra (6 do PSdeG-PSOE E 1 NAL), e 4 abstencións do Grupo Municipal do P.P. acorda rechaza-la proposta.

Acto seguinte votase a integración, e o Pleno do Concello por en consecuencia queda aprobada a integración do Concello de Ares, na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, e o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación.

#### **PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.**

Dase conta do informe de Secretaría de data 13 de setembro de 2012, do seguinte teor literal:

#### **INFORME DE SECRETARÍA**

#### **Asunto : Modificación Estatutos Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol para a incorporación do Concello de Cabanas.**

En virtude das funcións encomendadas a esta Secretaría conforme ao sinalado nos artigos 54 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, sobre réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, cabe emitir nos termos establecidos no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2168/1986, de 28 de novembro, o seguinte Informe baseado nos seguintes :

#### **INFORME**

**PRIMEIRO.** De conformidade co artigo 135 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación, en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos correspondentes do Estatuto da Mancomunidade de Municipios.
- Os artigos 135 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



— O artigo 36 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

— Os artigos 31 e seguintes do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.

**TERCEIRO.** Toda incorporación ou separación de membros dunha mancomunidade comportará, necesariamente, a modificación dos seus estatutos.

A modificación dos estatutos da mancomunidade ou a disolución da Entidade Local axustarase ao seguinte procedemento:

— A iniciativa corresponderá ao Pleno da mancomunidade, de oficio ou a instancia dos Concellos que a constitúen.

— Adoptado o acordo, someterase a información pública por prazo dun mes e, simultaneamente, remitirase á Deputación ou Deputacións Provinciais respectivas e á Consellería da Presidencia, Xustiza e Administración Pública. para o seu informe, por prazo dun mes.

— Finalizado o prazo de exposición pública e recibidos os informes a que se refire o apartado anterior ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade aos plenos dos Concellos mancomunados. A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.

— Aprobados os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución da mesma pola maioría dos Concellos mancomunados, o Presidente da mancomunidade remitirá copia certificada dos mesmos á Conselleira competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia, e comunicaraos á Administración Central do Estado aos efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.



**CUARTO.** O procedemento a seguir é o seguinte:

De acordo co establecido no artigo 142 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Á organización e funcionamento das mancomunidades rexerase polo establecido nos seus propios estatutos, que se aprobarán de conformidade coas prescricións da presente Lei.

Toda incorporación ou separación de membros dunha mancomunidade comportará, necesariamente, a modificación dos seus estatutos.

A. Recibida a solicitude do Municipio que desexe integrarse ou separarse da Mancomunidade, xunto ao correspondente acordo favorable do Pleno, aprobarase inicialmente pola Xunta da Mancomunidade a [adhesión/separación].

B. Adoptado o acordo, o expediente someterase a información pública por prazo dun mes.

C. Simultaneamente, remitirase á Deputación ou Deputacións Provinciais respectivas e á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, por prazo dun mes.

D. Finalizado o prazo de exposición pública e recibidos os informes ou transcorrido o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos aos plenos dos Concellos mancomunados. A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das Corporacións.

E. Aprobados os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade pola maioría dos Concellos mancomunados, o Presidente da mancomunidade remitirá copia certificada dos mesmos á Conselleira competente en materia de réxime local, para a súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia, e comunicaraos á Administración Central do Estado aos efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.

Vista a modificación dos Estatutos, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución, procedendo na súa virtude a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a incorporación do Concello de Cabanas nos termos propostos pola Presidencia da Mancomunidade de Municipios.”

O Sr. Alcalde manifesta que na Mancomunidade de Municipios nos últimos catro anos levase practicando unha política de ampliacións, a primeira foi a do Concello de Cedeira, e



agora creo que trátase da integración de Cabanas, a integración de cada un dos Concellos leva en consecuencia unha modificación estatutaria, porque hai que loxicamente dar cabida o valor proporcional dos votos dos Concellos, e en consecuencia procedese a unha redistribución do peso de cada un dos Concellos, na propia mancomunidade simplemente por unha razón proporcional, o aumentar os Concellos é loxico que os Estatutos dalgunha maneira fagan ou deixen constancia da nova incorporación.

Vista a documentación presentada polo Presidente da Mancomuniade de Concellos da Comarca de Ferrol sobre modificación de Estatutos para integración do Concello de Cabanas na Mancomunidade.

O Pleno do Co Concello de Ares acorda por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación:

1.- Aceptar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol no seguinte sentido: Artigo 1: Onde dí “os concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño” debe dicir: “ Os concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Naron, Neda e Valdoviño”.

2.- Comunicar o presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol así como a Dirección xeral de Administración Local para súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

#### **PUNTO NÚM. 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE “REXIME INCAPACIDADE TEMPORAL DERIVADO DO REAL DECRETO LEY 20/2012.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

##### **“PROPOSTA AO PLENO:**

O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, regula no seu artigo 9 unha nova regulación das prestacións económica nos casos de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Admnsitracións Públicas, habilitando a cada Administración Pública para que no prazo de tres meses dende a súa publicación poda determinar as prestacións que percibe o persoal o seu servizo, de acordo cos límites que asimismo se determinan con carácter de normativa básica.

Asimesmo, na disposición adicional decimoctava do citado Real Decreto-Lei reguláronse os complementos nos supostos de incapacidade temporal para o persoal da Administración Xeral do Estado.



Por todo elo, propónse ao Pleno a adopción do presente ACORDO:

**Primeiro.-** Aplicar ao persoal funcionario, laboral, eventual ou cargos electivos, nos supostos de incapacidade temporal os complementos retributivos fixados para o persoal da administración xeral do Estado, recollidos na disposición adicional decimoctava do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo.

**Segundo.-** Informar que de acordo co disposto no apartado primeiro que o réxime retributivo, sen perxuício da posterior modificación, sería o seguinte tanto para o persoal funcionario, laboral, eventual ou cargos electivos:

Continxencias Comúns (Enfermidade ou accidente laboral)		Continxencias Profesionais (accidente de traballo ou enfermidade profesional).	
Días	Porcentaxes/retribuciónes Do mes anterior	DIAS	Porcentaxes retribuciónes do mes anterior
Do 1º ao 3º	50%	Dende o 1º	100%
Do 4º ao 20	75%		
A partir do 21º	100%		

**Terceiro.-** O réxime de mellora da incapacidade temporal aplicarase íntegramente desde o 1º de Outubro de 2012.

**Cuarto.-** Solicitar propostas aos representantes dos traballadores para a concreción dos supostos excepcionais e debidamente xustificados, nos que os complementos retributivos podan alcanzar como máximo o total das retribucións, nos casos de incapacidade temporal. Esta proposta deberá ser remitida ao Concellos antes do 1 de novembro de 2012.”

Seguidamente dase conta do Informe de Secretaria Intervención do seguinte teor literal:

#### INFORME DE SECRETARÍA

**Asunto : Medidas derivadas do Real Decreto Lei 20/2012 “Prestación económica na situación de incapacidade temporal”**



O artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, regula no seu número 1 a prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas e órganos constitucionais, aínda que, de acordo co segundo parágrafo da Disposición Transitoria 1ª, non será de aplicación aos empregados públicos que á súa entrada en vigor atópense na situación de incapacidade temporal.

Debe terse en conta que as referencias a días incluídas no presente artigo deben entenderse realizadas a días naturais.

Pola súa banda, o número 2 do mesmo artigo 9 prevé que cada Administración Pública, no ámbito das súas respectivas competencias, poderá complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites referidos ás retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade:

1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns poderanse recoñecer os seguintes complementos retributivos:

- Durante os 3 primeiros días ata alcanzar como máximo o 50 % das retribucións.
- Desde o día 4º ata o 20º, ambos inclusive, a suma da prestación económica recoñecida pola Seguridade Social e o complemento recoñecido non poderá superar en ningún caso o 75 % das retribucións. (No réxime xeral da seguridade social a contía da prestación é do 60 % da base reguladora).
- A partir do día 21º, inclusive, a equivalente ao 100 % das retribucións. (No réxime xeral da seguridade social a contía da prestación é do 75 % da base reguladora).

2.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o 100 % das retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. (No réxime xeral da Seguridade Social a contía da prestación é do 60% desde o 4º día a partir do da baixa ata o 20º día inclusive e do 75% desde o 21º día en diante, ambos da base reguladora).



Ademais, segundo o número 5 do artigo 9, cada Administración Pública poderá determinar, respecto do seu persoal, os supostos en que con **carácter excepcional e debidamente xustificadas** pódase establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o 100 % das retribucións que viñesen gozando en cada momento, considerándose en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

Cada Administración Pública, no ámbito das súas competencias e dentro do prazo de tres meses, poderá complementar as prestacións, de acordo cos límites do artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 20/2012.

A Disposición Transitoria 15ª concede un prazo de 3 meses para que cada Administración Pública desenvolva as previsións contidas no artigo 9.2 desde a publicación de Real Decreto-Lei, prazo a partir do cal surtirá efectos en todo caso.

Polo que respecta á administración local, debe terse en conta que o artigo 142 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) estipula que «os funcionarios da Administración local terán dereito ás recompensas, permisos, licenzas e vacacións retribuídas previstas na lexislación sobre función pública da Comunidade Autónoma respectiva e, supletoriamente, na aplicable aos funcionarios da Administración do Estado» e que, segundo o artigo 3.1 LEBEP «o persoal funcionario das Entidades 11 Locais réxese pola lexislación estatal que resulte de aplicación, da que forma parte este Estatuto e pola lexislación das Comunidades Autónomas, con respecto á autonomía local».

Por tanto, a posibilidade que abre o artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo para que cada Administración Pública, no ámbito das súas respectivas competencias, poida complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, non vai dirixida ás Corporacións Locais que non teñen competencia para regular as prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal funcionario ao seu servizo.



Debe significarse que, segundo a Disposición Final 2ª LBRL, os funcionarios públicos da Administración local terán a mesma protección social, en extensión e intensidade, que a que se dispense aos funcionarios públicos da Administración do Estado e estará integrada no Sistema de Seguridade Social; e que a Disposición Derrogatoria Única do Real Decreto-Lei derroga o artigo 21.1.a) do Real Decreto Legislativo 4/2000, de 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos Funcionarios Cívís do Estado polo que se determinaba a prestación económica na situación de incapacidade temporal durante o primeiros tres meses e que tamén derroga a disposición adicional sexta da Lei 26/2009, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 pola que se estendía os previsto nese artigo 21.1.a) a todos os funcionarios fora cal fora a administración na que prestan os seus servizos e, polo tanto, aos funcionarios da administración local.

En consecuencia, as Corporacións Locais soamente poderán aplicar ex artigo 142 TRRL a lexislación autonómica que se promulgue en desenvolvemento do artigo 9.2 do Real Decreto-Lei, ou ben, unha vez transcorrido o prazo de 3 meses, sen que a comunidade autónoma respectiva promulgase a pertinente lexislación de desenvolvemento do artigo 9.2, deberán aplicar, supletoriamente, a normativa de aplicación aos funcionarios da administración do estado en virtude do artigo 142 TRRL. Normativa que xa se atopa prevista na Disposición Adicional 18ª do Real Decreto-Lei - surtirá efectos nos procesos de incapacidade temporal que teñan inicio transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta norma - que recoñece ao persoal funcionario e laboral da Administración Xeral do Estado e organismos e entidades delas dependentes acollidos ao Réxime Xeral da

Seguridade Social os complementos retributivos máximos do artigo 9.2 tanto na situación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns como na derivada de continxencias profesionais, e que dispón que a Administración do Estado determinará os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificado o complemento poida alcanzar durante todo o período de duración da incapacidade o 100 % das retribucións que viñesen gozando en cada momento, considerándose en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

As Corporacións Locais soamente poderán aplicar a lexislación autonómica que se promulgue en desenvolvemento do artigo 9.2 do Real Decreto-Lei, ou, transcorridos 3 meses sen que a comunidade promulgase a pertinente lexislación de desenvolvemento, supletoriamente, a normativa de aplicación aos funcionarios da administración do Estado. Por outra banda, a teor



do número 3 do artigo 9 do Real Decreto-Lei, quen estean adscritos aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo percibirán en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns as seguintes porcentaxes das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo a cargo, no seu caso, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal:

- O 50 % desde o 1º ao 3º día da situación de incapacidade temporal.
- O 75 % desde o día cuarto ao vixésimo día, ambos inclusive.
- O 100 % A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos inclusive.

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución a percibir poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen % das retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

En ambas as situacións, a partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

En ningún caso os funcionarios adscritos aos réximes especiais de seguridade social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da seguridade social, incluídos, no seu caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

O número 7 do artigo 9 declara a suspensión dos Acordos, Pactos e Convenios vixentes que contradigan o disposto neste artigo.

## CONCLUSIÓNS

### 1. Situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns :



**A) Durante o tres primeiros días, poderase recoñecer un complemento retributivo ata alcanzar como máximo o cincuenta % das retribucións que veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.**

**B) Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos inclusive, o complemento que se poida sumar á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social deberá ser tal que, en ningún caso, sumadas ambas as cantidades, supérese o setenta e cinco % das**

**retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.**

**C) A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, poderá recoñecerse unha prestación equivalente ao 100 % das retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.**

**2. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen % das retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.**

**Quen estean adscritos aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirán o cincuenta % das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo a cargo, no seu caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, tomando como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal. Desde o día cuarto ao vixésimo día, ambos inclusive, percibirán o setenta e cinco % das retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo a cargo, no seu caso. A partir do día vixésimo primeiro e ata o nonaxésimo, ambos inclusive, percibirán a totalidade das retribucións**



básicas, da prestación por fillo a cargo, no seu caso, e das retribucións complementarias. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a retribución a percibir poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen % das retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

É de destacar a posibilidade de que cada Administración Pública poida determinar, respecto do seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas poidase establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cen % das retribucións que viñesen gozando en cada momento. A estes efectos, di o precepto, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

A Disposición Transitoria Primeira di que o disposto no artigo 9 non será de aplicación aos empregados públicos que á súa entrada en vigor, atópense na situación de incapacidade temporal. pero segundo a Disposición Transitoria Décimo quinta a mesma, as previsións contidas no referido artigo relativas ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas acollido ao Réxime Xeral da Seguridade Social serán desenvolvidas por cada Administración Pública no prazo de tres meses desde a publicación deste Real Decreto-Lei, a partir do cal surtirá efectos en todo caso.

Na súa virtude informábase favorablemente a proposta da Alcaldía.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

#### **PUNTO NÚM. 7.- APROBACIÓN PARTICIPACIÓN PLAN DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.-**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que tratase de aprobación da participación no Plan dunha Deputación para todos os Concellos, trátase dun Plan que pode ser obxecto de críticas, sen ningunha dúbida por moitas razóns, quizais a primeira sexa que a Deputación esta atopando o seu sentido na asistencia os pequenos e medianos Concellos, e sen embargo é certo que as partidas máis importantes as levan Santiago, Ferrol e Coruña, en consecuencia son grandes municipios que teñen capacidade de xerar grandes recursos propios



a través e políticas fiscais, que nos pequenos e medianos municipios non podemos levar a cabo, e certo que este sería o punto negro dun Plan moi atractivo nestes tempos para os Concellos, e evidentemente os criterios de reparto, que dan lugar a esa inxustiza perxudican ó Concello de Ares, cos criterios de reparto do POS o Concello de Ares levaría 207.000 euros, e cos criterios de reparto que determinan que Coruña leve dous millóns de euros, Santiago un millón e medio e Ferrol pois penso que 750.000 euros, pois Ares baixa a 157.000 euros, e dicir nos perdemos 50.000 euros, pero evindemente está claro que a democracia marcas as pautas de goberno a través dos resultados electorais, e esta claro que na Deputación goberna loxicamente un partido político que non veu as cousas como efectivamente as estamos vendo nos aquí, e en consecuencia a pesar desa situación que eu penso que é inxusta, nos loxicamente vamos a pedir o voto favorable, e loxicamente pedir a participación neste Plan.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Mesías Farias, nos denunciámos que é a única vía xunto co POS, que hai para financiar en materia de obras e servizos, vaia destinado a gasto corrente, desa maneira o goberno o que fai é primar dalgunha maneira a desastrosa situación económica, a conta de non abordar as necesidades de obras e servizos mediante uns Plans que veñen especificamente para eso, nos xa sabemos que eso permite destinar a gasto corrente, pero tamén sabemos que a única maneira de poder facer obras nestes tempos que corren, é aceptar esas subvencións que veñen destinadas para as obras, porque no caso contrario non hai obras, entónce o que se está facendo aquí é tapar outra vez a mala xestión económica cunhos cartos que non deberían ir para ahí, e nos xa no mes de abril presentamos un escrito e houbo un acordo por unanimidade aquí no Pleno, que era elaborar o proxecto e procurar as achegas para o tema da auga de Cervás, isto podería ser unha axuda, pero sen embargo dende aquela, dende o mes de abril que foi isto se incumple o acordo, e agora aínda por riba, se desvían os diñeiros que poderían solventar esta situación a gasto corrente, logo se agora se destinan máis cartos a gasto corrente, e tamén porque erraron nas previsións que se fixeron nos orzamentos e no Plan de Axuste, polo tanto nos consideramos que os cartos que veñen nos Planes para Obras e Servizos debense destinar a obras e servizos porque non hai maneira de facer obras nun Concello que ten a economía como a ten.

O Sr Alcalde: Evidentemente non é certo nada do que dís, ti como Voceiro do BNG estiveches presente, nos ámbitos onde desde o goberno se che deron todas as explicacións oportunas, de porque a nosa participación no Plan vai destinada a gasto corrente, a notificación da Concesión do Plan chegou ó Concello o día 2 de agosto, e a xustificación de todas as actuacións, autorizacións e proxectos incluídos e o día 30 de setembro, entre agosto e setembro é imposible executar 157.000 euros a través dos procedementos de contratación, loxicamente ordinarios que son os concursos, os procedementos negociados, redactar os proxectos, e executa-la obra, é imposible, o Concello de Ferrol, adica esta partida a pagar a luz, o di no xornal, notificáronos a concesión o día 2 de agosto e o 30 de setembro que é efectivamente dentro de catro días, aínda estamos aprobando isto hoxe en Pleno, tiña que



estar loxicamente todo xustificado, é imposible, se damos as obras a dedo si, si o 3 de agosto chamamos a unha empresa e lle dicimos que faga esto, así sí, pero acabaríamos en Fiscalía evidentemente, entón non había tempo material, e en consecuencia tampouco podemos descoñecer que isto non é un POS, ó Concello de Ares, lle gustaría que se aplicaran os criterios do POS no reparto, porque son criterios comúnmente aceptados desde hai moitos anos pola Deputación, pero este é un Plan que efectivamente ten outro espírito que é, darlle un reforzo ós Concellos nunha época de crise, para asumir loxicamente unha serie de parámetros que ó tratarse de execución de obra son imposibles, porque non hai tempo material para proceder á execución das mesmas, e en consecuencia pois aplicase a gasto corrente, porque nace tamen con ese espírito, é dicir é máis, o POS que non naceu con ese espírito nestes momentos permite dedicar a gasto corrente o 60%, entón son situación que veñen definidas no contexto, e o contexto deste Plan teño que dicir que ó estar nos prazos tan axustados pois evidentemente deixa pouco espazo para a execución da obra pública. En canto a situación do suministro de auga a aquelas partes de Cervás que no proxecto a executar por augas de Galicia, pois neste momento non teñen contemplado a implantación da rede, xa afirmamos por activa e por pasiva, que o vamos a facer cos POS, xa quedamos que o vamos a facer co seguinte POS, en consecuencia non hai ningún incumprimento por parte dos órganos de goberno sobre os seus compromisos.

Interven o Voceiro do Grupo Municipal Popular Sr. Manuel Cendán, primeiro nas manifestacións que fixeche na Xunta de Voceiros, como agora mesmo sobre o tema do reparto da Deputación, quero deixar claro que a Deputación foi feita para axudar os Concellos pequenos, eso é certo e que o POS vai dirixido os Concellos pequenos, pero este Plan é un Plan anticrise, aprobado para todos os Concellos de a Provincia, e nese entorno entran tamén as cidades, dicir que si a crise acusa os concellos pequenos onde as familias están máis unidas, peor o están levando nas grandes cidades, creo que a xente nas cidades ten menos argumentos para saír dun problema que nos pobos pequenos non, deixar claro que o sentido da Deputación é axudar a todos os cidadáns con este Plan especial que foi quitado expresamente para isto, para axudar as familias e as xentes e que neso entran os 94 Concellos da Provincia. As cidades non entran no POS, as cidades non entran no POL, as cidades non entran en moitos Plans da Deputación nos que entran os concellos pequenos, deixar claro que según as respostas que lle fixeche o voceiro do BNG, quero decirte Julio que a mín e o PP esas explicacións non nos valen, porque eu hai 4 meses que sei deste Plan, sei da cantidade, e ti precisamente eres Deputado Provincial, este Plan o tivechedes que levar a aprobar a Comisión Informativa e despois o Pleno da Deputación, e despois a Deputación o notificou os Concellos ti deste Plan xa sabes que esta desde hai tres ou catro meses, non vou a entrar se o destina a gasto corrente ou a facer algunha obra, pero si que se poido xestionar, eu tiven que facer xestións cando estaba de Alcalde, e podo poñer de exemplo o tema do Numancia de Ares, o campo de Herva Artificial non se había feito, pero eu xa había chamado o Numancia, para que fixera a cesión o Concello de Ares, para poder axilizar e proba evidente é que fumos o primeiro Concello da Provincia da Coruña que tivemos o Plan, porque estaba eu ali como Deputado e



non estábamos gobernando que eramos oposición, quero dicir con esto que é o teu caso igual, este Plan eu desde o Concello de Ares sen chamar á Deputación sabía que ia a quitar un Plan, eu o souben polo Secretario do Concello que se ía a quitar un Plan un anticrise para todos os Concellos, eso hai tres ou catro meses que o sei eu, e ti o tes que saber a maiores porque tiveches que aprobalo, por eso digo eu que estas cousas hai que axilizalas cando se sabe que se van a aprobar en Deputación, se hai interés dalgunha obra, neste caso como dixo o voceiro do BNG co auga de Cervás, e algunha obra que teña o proxecto aprobado e que non se pudo finalizar por falla de financiación, pode estar ahí na sección de urbanismo e se podía quitar adiante e sobra o tempo, eu non vou a entrar se era mellor facer unha pequena obra ou destinalo todo a gasto corrente, pero si deixar claro que si se quixera facer algunha obra, por parte do goberno municipal se puido axilizar porque tiñan máis información, que a que podían ter outros Concellos neste mesmo caso, nos vamos a aprobalo pero dexar claro que se houbera interés de facer algunha obra se podía facer, insistir o dixemos xa nunha xunta de voceiros e nunha comisión do Pleno, creo que estabas de vacacións ti, co tema do Pleno ordinario de agosto, e a proposta que nos defendimos alí e a sigo dicindo a experiencia a teño, o mes de agosto e o mes que o Concello de Ares ten máis traballo, e creo que si funciona o goberno municipal, funcionan as Comisións de goberno, terán que funcionar as Comisións Informativas e terá que funcionar o Pleno, e proba evidente, e así respostado o voceiro do BNG que despois eu me enterei que dicía que tiña que ir todo o mundo de vacacións, dicirlle que o Concello de Mugardos gobernado polo BNG fixo comisións informativas e fixo o Pleno Ordinario do mes de agosto, e non ten tan actividade como temos no Concello de Ares, para que vexas que os Concellos e máis en crise, haberá que dobligar, uns se irán de vacacións pero outros terán que quedarse de guardia, eso é así e hai que xestionar mellor os servizos públicos.

Resposta o Sr. Alcalde, parece mentira que foras Alcalde durante oito anos, porque evidentemente todos sabemos que para iniciar un expediente tes que ter unha resolución, o Plan de Ferrol, de desenrolo de turismo o GDR nos comunicou verbalmente sobre abril que tiñamos unha subvención para rehabilitar as Escolas de Lubre, e non nos chegou a resolución ata o 15 de agosto, e o Sr. Secretario-Interventor non me deixou iniciar o procedemento sen unha resolución da Concesión da subvención por parte dos GDR, entón parece mentira que fora Alcalde durante 8 anos, que chegandonos a resolución deste Plan do mes de agosto me digas que podíamos ter todo feito, non se pode iniciar un expediente sen que te notifiquen a resolución correspondente na que efectivamente te dan pe, á Concesión dunha subvención e ti a partir de ahí inicias o expediente de contratación, eu non podo sacar ningún concurso se non teño unha resolución que me da 157.000 euros, por certo unha semana antes eran 207.000 euros, non me veñas dicindo a mín que o sabías porque os criterios de reparto foi que retrasou, porque había conflito na Deputación, o BNG e o PSOE querían os criterios de reparto do POS e o Partido Popular dicía que isto non era un POS, e é certo que isto non é un POS, pero os criterios de reparto do POS a Ares lle daban 50.000 euros máis, entón evidentemente entre saber se me daban douscentos sete e cento cincuenta e sete e entre que



me notifiquen efectivamente a resolución eu non podo iniciar ningún expediente de contratación, absolutamente ningún, en consecuencia o dous de agosto notifican que son cento cincuenta e sete mil euros, eu o sei porque o 2 de agosto houbo Pleno a semana anterior, entón sei que se levaron a Pleno os 157.000 euros, catro días antes o supe, aínda que se soubera, non podía iniciar expediente de contratación ata que chegara a resolución, e cando chegou a resolución o 2 de agosto me sentei co Secretario, e o Secretario me dixo olvidate non da tempo, son procedementos de contratación que ti coñeces, non se poden dar as obras a dedo, en consecuencia se hai que xustificar o día 31 de setembro, me di non corras riscos e adica o gasto corrente, e se adica o gasto corrente, porque efectivamente para facer obras a esta Corporación e a este grupo de goberno, non se lle pode achacar que non teñamos interese en facer obras, porque facemos todas as que podemos e máis, pero evidentemente neste caso concreto, efectivamente é imposible e o mesmo nos pasou coa resolución do Grupo de Desenvolvemento Local correspondente a unha concesión dunha subvención para a rehabilitación das Escolas de Lubre, bueno pois efectivamente o coñecemos desde abril, despois de reclamar por escrito a resolución tres ou catro veces a notifican o 15 de agosto, e tivemos que solicitar prorroga porque había que xustificala o 30 de setembro, tivemos que pedir prorroga porque non se lle poden dar a ninguen 200.000 euros a dedo para que rehabilite as escolas de Lubre, e todo isto en dous meses do 15 de agosto ó 30 de setembro "imposible", entón unha cousa é a intención a vontade e outra cousa son expedientes administrativos que esixen moitas veces unha tramitación moi complicada e que por cuestións de prazos, efectivamente non son as únicas. En canto ó Pleno de Agosto non había asuntos, entón este é o Pleno de setembro e mirade os asuntos que van, entón efectivamente no Pleno de Agosto non había asuntos, non había cuestións que poideran delimitar a convocatoria dun Pleno, entón efectivamente se convoca en setembro e mirade os temas que van, e en consecuencia se decide facer o Pleno en setembro, mirade o contido do Pleno de setembro, que vedes aquí urxentísimo que tivera que ir en agosto, e así non pasa nada, Manuel facía os Plenos cada dous meses e foi Alcalde oito anos, aquí se fan desde que esta Corporación se constituíu con esta Alcaldía, unha vez ó mes, entón claro se hai que facelos efectivamente se fai non pasa nada, agora mira os temas de setembro e dime que non metimos en agosto.

En turno de replica, intervén o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Eu non acostumo a mentir e as respostas do Sr. Alcalde acerca da miña intervención foi de que todo o que decía eu era mentira, entón vou a repetir o que dixen e haber si é mentira, eu creo que non mentín, a totalidade da asignación do DTC cento cincuenta e sete mil e pico euros vaia destinada a gasto corrente isto foi o que dixen e non é mentira, unha cousa que dixen hai un incumprimento dun acordo plenario de mes de abril, que decía no primeiro punto, elaborar con carácter urxente o proxecto técnico que permita contemplar actuacións que se están a levar a cabo para abastecemento de auga á Cervás e secundando as arterias correspondentes para a conexión a rede de todos os lugares da Parroquia, segundo articular no seo da Comisión de Facenda os mecanismos que permitan a procura do financiamento para a execución da obra con carácter urxente, isto é un incumprimento e o dixen e non é mentira, pero sempre



estamos con o mesmo, logo ti dis que que Ferrol adica o 75% a pagar as facturas de luz, bueno pois “O PSOE de Ferrol califica de escandaloso que Ferrol destine a pagar a luz unha subvención da Deputación”, nota de prensa de onte, cando o PSOE tiña feita unha proposta de inversión deste recursos, destinar esta cantidade a reparar 14 vivendas en recimil, para que poideran estar listas en xuño do próximo ano, e sinalou que a elección realizada reduce a capacidade inversión, e ademais dice que o PP decidiu que é mellor pagarlle a unha multinacional que invertir nos veciños, esto non o digo eu, e o que di o PSOE de Ferrol, e vou a poñer outro caso que é outro Concello da Comarca, que destina máis de douscentos mil euros a unha partida de 127.000 euros destinado a rehabilitación de Escolas Unitarias e outros 54.500 euros en amañar o Pavillón Municipal o ximnasio e outros cousas, todo para obras, digo eu se os demais Concellos teñen a capacidade de nun tempo record como parece que tiña que ser esto elaborar un proxecto para presentar o Concello de Ares, porque non, digo porque non hai moito vostedes contrataron a unha persoa de fora para facer un traballo que según parece os funcionarios de aquí non eran competentes de facer, logo haber si nos poñemos de acordo que é prioritario aquí, eu non digo que axa que contratar xente de fora porque eu si que manteño que os traballadores de aquí están capacitados para realizar o traballo que se fala, hai un acordo do mes de abril, e desde o mes de abril non se move ficha, logo no pode haber tempo para facer as cousas, claro que non. Noutro orde de cousas nos criticamos que esto vaia outra vez a gasto corrente, porque estamos outra vez nas mesmas, estamos gastando mal e hai que saber que esto todo ven derivado de entre outras cousas do acordo de goberno que vostedes teñen co exp-portavoz do Partido Popular, onde sale aquí ben parado o PSOE e o NAL, porque se crea unha praza de Asesor en materia de PXOM que vai a cobrar 18000 euros o ano polo menos, e se lle pasa a retribuir unhas Xuntas da Comisión de seguimento do PXOM ó Concelleiro Luis Cendán que vai a cobrar o mesmo que cobra un Concelleiro do Grupo de Goberno e aínda como se foxe pouco como contrapartida esa política de racionalidade de austeridade asistimos a un tema que a mín me resulta indidente sobre todo vindo desde o grupo que veño, que é do mundo asociativo, que é aprobar unha axuda de nada máis e nada menos de 3000 euros a unha novidosa Entidade que se denomina Xabre, con todos os meus respectos para todas as Entidades, que curiosamente preside D. Luis Cendán para unha actividade que non sei se vai a durar máis dun día, logo esta situación resulta ademais un agravio comparativo co resto das Asociacións que están a realizar un traballo todo o ano, logo se este diñeiro vai destinado a pagar todo isto que nos non estamos de acordo o lóxico é que o manifestemos aquí, e se nos entendemos que os veciños teñen dereito a que se fagan as obras porque carecen de servizos tamén temos dereito a dicilo e eso non é mentir, eu aquí non veño a mentir, eu aquí veño a dar a nosa opinión, a opinión do BNG que é unha opinión que mantemos desde sempre, sempre estamos a dicir o mesmo porque non cambiamos, e nada máis.

Resposta o Sr. Alcalde, evidentemente é unha manipulación todo o que acabas de manifestar, porque está claro que os ramais de Cervás se van a executar, os vai a executar este goberno, vostedes ostentaron o goberno e se o deixaran feito nosoutros non teriamos este



problema, se vostedes meterán o auga en Chanteiro e Cervás e se meterán o saneamento non teríamos este problema, entonces efectivamente é unha pena que cando vostedes gobernaron non o houberan feito, en calquer caso non é certo o que ti dis, porque o auga o Saneamento de Chanteiro e Cervás é un compromiso deste Goberno e se está executando, por certo acabamos de gañar as eleccións hai un ano e xa se está executando o auga de Cervás, e dicir as cousas esixen tempo porque hai que buscar o diñeiro, e en consecuencia o encontramos e se está executando a obra, e por suposto se van a executar o resto dos ramais, se van a executar porque este goberno ten a votade inquebrantable de que sexa así, e por suposto que se está redactando o proxecto porque os proxectos non se sacan de debaixo das pedras, hai que ter diñeiro para pagar unha enxeñería e a enxeñería loxicamente redáctalo lle leva un tempo e unha vez que o traen tes que sacalo a concurso e evindentemente eso é o que se vai a facer, pero porque hai unha vontade inquebrantable deste goberno de facelo así, e é un compromiso que efectivamente temos asumido, en consecuencia este é un Plan que se notificou o día 2 de agosto e habendose notificado o 2 de agosto efectivamente non daba tempo material loxicamente para facer o que o grupo socialista de Ferrol di que termina en xuño do ano que ven, hai que leer a convocatoria que di que ten que estar xustificado o 30 de setembro, en consecuencia está claro o que sen dúbido algunha quedou enriba da mesa, é que unha cousa non quita a outra, vamos a adicar isto a gasto corrente e vamos a cumprir os nosos compromisos electorais, porque os cumprimos sempre e se non pode loxicamente está claro que nas eleccións os cidadáns se pronunciaron e se manifestaron e nese sentido efectivamente exercitaran o seu dereito lexítimo e loxicamente está claro que cando é así todos os demais temos que acatar, pero precisamente hai un ano sucedeu todo o contrario entonces efectivamente as cousas non nos deben de ir tan mal.

Interven o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Dikir que me dixeches que parece menteria que fora Alcalde durante oito anos, non e así, non é que o fixera eu, ti os fiseches, e vou poñer un exemplo o tema das obras de Industria da Xunta, non se cumpren os prazos, pero a Deputación os prazos todos os Planes da Deputación se piden prorrogas, e proba evidente que no último que eu pedin prorroga foi o POS da Praza da Igrexa, que era do 2006, e se executou no 2008 dous anos despois, foi a Patrimonio e non foi executado aquí porque a raíz da excisión do P.P. votou e non quixo aprobar o proxecto para que eu non fixera a obra, vosoutros tampouco o aprobachedes e dous meses despois o aprobachedes, e pedin duas prorrogas para ese Plan para non perder a obra, e decirte que eu fun deputado, e esto a Comisión como vai aquí, cando se fai e reparto e pasa a Comisión Informativa vai a cantidade que lle corresponde a cada Concello, e o Pleno da Deputación vai o definitivo, quero dicir que o 2 de agosto que empeza o prazo se notifica esto, está o proxecto ese ou cal sexa está xa feito se está aquí se fai a contratación e se non chega o prazo para executalo se pide unha prorroga e non pasa nada, e vou a poñer un exemplo dun goberno Socialista os 4 anos anteriores de Fene, o Alcalde de Fene o Sr. Ivan Puentes, foi incapaz de facer os 4 Plans Provinciais da Deputación e non se perdeu ningún e os está executando este goberno, os catro, catro anos de goberno sen nengún Plan non se executaron, e estanse a executar agora, catro anos despois,



pediu prórroga porque tiña algún problema, que si de augas, que si de Patrimonio, que si non sei de que; e aquí o Plan que había quitado Lendoiro aquel da Arquitectura Popular e todo aquel roio, aquel durou dez ou doce anos, porque lios con patrimonio, porque o tema das Igrexias, o tema da Ponte Romana aquí, porque o que o executou foi do PSOE candidato en Valdoviño, e tardou anos en cobrar por culpa do tema de que fixera a obra, e cobrou creo que uns meses antes de que eu me fora de Alcalde, e estamos a falar dun Plan do ano 95 ou 96, quero dicir que está obra se houbera vontade, se houbera un compromiso, eu xa non me acordaba de que había un compromiso coa xente de Cervás, ese proxecto puido estar encargado e ese proxecto se puido levar a efecto, e este Plan non se ia a perder, con mandar unha carta a Deputación indicando que se están facendo as obras e solicitando unha prórroga non hai ningún problema, se hai vontade se fai e sabes que gobernase quen gobernase a Deputación neso ten un abanico bastante aberto que se van contratando as obras e se van pagando según se van executando, que non estamos encorsetados nunhos prazos e proba evidente que nin a Xunta, eu puxen un exemplo que pasa todos os anos é o Plan de Industria que quita para a peatonización das rúas que están cerca do Concello vello, a que está executando a Praza da Igrexa e Praza do Concello Vello que tamén vai con eso, non se axusta os prazos tampouco e máis está e non pasa nada, eu creo que as Administración teñen un inconveniente e se non está dentro do Concello a responsabilidade pois máis que mellor, quero deixar claro que está é a situación, creo que teñen que ter máis vontade, creo que a decisión a tomachedes non foi por outra cousa, e unha xustificación que dade que tomachedes a decisión de metelo a gasto corrente, é unha decesión que tomades por maioría e a levades a efecto e creo que quero dicir que se puido executar calquer obra, e proba evidente é que hai Concellos que van a executar obras, nos temos o privilexio que o Sr. Alcalde é Deputado Provincial e ten a información antes que calquer outro Alcalde que non sexa Deputado Provincial, con eso creo que xa respotei a todo.

O Sr. Alcalde: mira no único que tes razón e no último, en que estou informado, conozo ata as políticas do teu goberno, en febreiro o teu goberno fixo unha modificación da Lei de estabilidade presupuestaria que prohíbe prórrogas de obras sen executar posteriores o 31 de outubro, porque establece efectivamente que todo o diñeiro non executado non exercicio correspondente e na data de peche, se ten que adicar obrigatoriamente a financiar debeda anterior, neso si que tes razón, entonces como comprenderás efectivamente despois do 30 de setembro de acordo coa reforma do teu goberno que modificou a lei de estabilidade presupuestaria non hai prorrogas de nada, e a Praza da Igrexa ten que estar rematada o día 20 de outubro, con todos os problemas que tivemos con CONCIFA, entrou nun ERE, non lle fiaban material, non tiña diñeiro para adiantar, e non houbo nada que facer, se non está executada o día 20 se acabou, e estas obras se non están o 31 se acaban, a Lei de Estabilidade presupuestaria prohíbe por primeira vez a incorporación de partidas non executadas, os orzamentos do ano seguinte, fora da consignación da amortización de debeda viva, son as novas regras que establece o teu goberno, non as establezo eu, entonces como é imposible incorporar remanentes para obras o que non tes neste prazo se acabou, non hía prorrogas xa



Manuel, en consecuencia os remanentes van obrigatoriamente para pagar débeda, entonces ou o temos o 31 ou acabou, entonces efectivamente son novas regras, eu comprendo que cando ti fuches Alcalde levantabas o teléfono, non podo, pois nada un prazo novo, se acabou eso Manuel, non hai prazos novos, partidas non executadas pagan debeda, non se incorporan efectivamente a inversión, e esas son as regras coas que este Alcalde e esta Corporación ten que determinar o que fai ou o que non fai, o máis importante o que pode facer ou non, pode facer, non é que non queiras, é que os corses agora son moito máis rigurosos, que hai un ano, que hai tres ou por suposto que hai catro ou que hai seis, agora te din que 30 de setembro, e por certo na Xunta de Galicia é pero, porque pechan o exercicio en xullo, e sabes porque o pechan en xullo, para dicir que teñen remanente positivo, porque se siguen admitindo debidas e facturas, xurde a verdade que é que estamos todos inmersos nun mar de déficit, entonces a xunta para evitar eso pecha o día 31 de xullo.

Pide a palabra o Sr. Voceiro de NAL: por alusións, xa que parece que o que cala otorga, teño que matizar, unha afirmación que se fixo a respecto da Praza do Concello que se había agotado polos tres concelleiros do PP, eso é mentira outra cousa é que non houbera quórum para defender a proposta, nese momento non había quórum o PSOE e o Bloque votaron que non e lle ganaron a 4 votos, pero eso non é dicir que os 6 Concelleiros do PP habían votado que non á proposta, houbera un problema de Patrimonio se fixera a proposta, despois se asfaltaran as rúas de Redes naquela anualidade e non se poidera levar a cabo a obra, pero matizar que eso é falso e mentira.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, eso é mentira e o vou a matizar, do Partido Popular asistiron dous Concelleiros tres conmigo, foron Flor e Camilo, e que acaba de falar non se presentou no Pleno, e votaron en contra o único que votei a favor fun eu, e el non asistiu o Pleno nin el nin a Concelleira de Cultura nin o Concelleiro de Urbanismo que é asesor hoxe.

Sr. Alcalde eu moi difícil dirixir os Plenos cando todo o mundo quere facer o que lle da a gana, entonces aquí hai que administrar os turnos, entonces cada un intervén ten dous e ten que xestionalos, entonces non podemos estar así, e por suposto menos desviarnos dos puntos.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 do PP e 1 NAL), E 2 votos en contra do Grupo Municipal do BNG acorda.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan DTC 94 Unha Deputación para todos os Concellos, o Pleno do Concello acorda:

1º.- Participar no “Plan DTC 94, Unha Deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS:



DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHECA PROVINCIAL
<b>TOTAL</b>	-----	-----	-----

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHECA PROVINCIAL
<b>TOTAL</b>	-----	-----	-----

C) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios.

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHECA PROVINCIAL
<b>TOTAL</b>	-----	-----	-----

D) Financiamento do gasto corrente do concello de anualidade 2012.

<u>Concello</u>	<u>Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes</u>	<u>Achega PO2 2012 de gasto corrente</u>	<u>Outras achegas.</u>
<b>ARES</b>	<u>157.008,22</u>	<u>73.398,60</u>	<u>0</u>

e) Resumo.

	<u>Deputación</u>	<u>Concello</u>	<u>Outras Achegas</u>	<u>Presuposto total</u>
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIOS				
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCION PROXECTOS				
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				



<u>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES.</u>	<u>157.008,22</u>	<u>324.033,18</u>	<u>73.398,60</u>	<u>554.440,00</u>
<u>TOTAL</u>	<u>157.008,22</u>	<u>324.033,18</u>	<u>73.398,60</u>	<u>554.440,00</u>

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución da obra.

3º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administración públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administración para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supere o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.”.

**PUNTO NÚM. 8.- APROBACIÓN SE PROCEDE “CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE BOMBEOS DA OBRA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL (EDAR)”.-**

Dase conta do informe de Secretaria do seguinte teor literal:

**INFORME DE SECRETARÍA**

*Asunto : Convenio de colaboración Marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR)”*

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 26 de novembro d 2007 foi asinado o Convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos” segundo anteproxecto aprobado



definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible”.

**Segundo.-** Por Decreto 83/2010 o Consello da Xunta de Galicia se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, dos Concellos de Ares, Mugardos e Fene.

**Terceiro.-** Estando proximo a rematar as obras, é necesario proceder á posta en marcha da xestión dos bombeos.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- A posibilidade de celebrar convenios de colaboración entre Administracións está expresamente previsto nos artigos 27 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 80, 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, preceptos nos que se regula a delegación de competencias e os chamados convenios interadministrativos, e no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- A actuación descrita no convenio citado entra dentro das actuacións que é posible levar a cabo por medio de convenios de colaboración-cooperación, técnica, económica e administrativa para a prestación de servizos ou desenvolvemento de competencias legalmente atribuídas aos municipios para a satisfacción dos intereses comúns, como é no presente caso o servizo de Bombeo da EDAR, o servizo de depuración de augas residuais urbanas que foi declarado de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 6 da Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

3.- O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación ao estar diante dun convenio que, para o seu desenvolvemento, vai esixir a encomenda de xestión de competencias no Concello de Ares, en concreto todo o relacionado coa xestión do servizo de bombeo da EDAR, requiríndose, en consecuencia, para a adopción válida do acordo a maioría absoluta legal do número de membros da corporación (artigo 47.2.h) da Lei 7/85).

4.- No ámbito dos servizos públicos locais existiu sempre una certa definición, aínda que bastante imprecisa, do que son servizos públicos, ao considerar como tales cantos diríxanse a satisfacer os intereses e as necesidades veciñais nos asuntos de competencia local (artigo 85.1 da Lei 7/1985-LBRL). En realidade, esta mera descrición ven confundirse practicamente co conxunto de actividades locais, sen identificar cales son os servizos públicos nin prescribir regras particulares do Réxime Xurídico destes.



Pode afirmarse que se contén unha regra xeral de capacidade das Entidades Locais para emprender actividades e acometer servizos nas materias da súa competencia, sempre que o consideren oportuno para o interese local ou ben lles veña legalmente imposto, en liña co que hoxe en día establece o artigo 5 da LBRL ao recoñecerlles a plena capacidade xurídica para establecer e explotar servizos públicos (do mesmo xeito que o artigo 25.1 da LBRL).

Por tanto, de maneira máis concreta, serán servizos públicos aqueles cuxa creación decida expresamente o Municipio dentro do ámbito das súas competencias, en virtude da plena liberdade que lles asiste para constituír, modificar e suprimir servizos, así como para regular regulamentariamente o seu alcance e contido material (incluíndo a súa continuidade, é dicir, a regularidade e características coas que se prevexa prestar), a forma de xestión elixida e o réxime estatutario de dereitos e deberes dos usuarios (incluíndo o dereito de acceso en condicións de igualdade, sen discriminación, cumprindo os requisitos establecidos e de acordo coa capacidade do servizo).

Determinar a existencia dun servizo público é a mesma formulación que o exposto pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa en Informe 57/07, de 24 de xaneiro de 2008 :

«En primeiro lugar, tal como fai a consulta da Dirección Xeral de Tributos, debe exporse si trátase dun contrato de xestión de servizo público. A tal respecto cabe sinalar que a Lei de Contratos das Administracións Públicas no seu artigo 154.1 define estes contratos como aqueles «mediante os que as Administracións Públicas encomenden a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público», do cal se deduce que para considerar si o contrato en cuestión pode ser cualificado de tal é preciso determinar si a prestación a que se refire ten ou non a consideración de servizo público.

A existencia dun servizo público precisa que a titularidade do mesmo corresponda por Lei a unha Administración, e, en segundo lugar, que se trate dunha prestación destinada a satisfacer necesidades dos administrados. Así, pódese falar de servizo público, no ámbito municipal, cando nos referimos ao transporte urbano, ou á distribución de auga, á recollida de lixo e outros similares. A titularidade destes servizos atribúese expresamente á Administración Local na súa lexislación reguladora e teñen por obxecto de satisfacer necesidades de primeira orde para os cidadáns que son os seus destinatarios. Así, o artigo 85 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que «son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias».

Indicando, pola súa banda, o artigo 25 da Lei 7/1985-LRBRL que «o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cuantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal».

Só a lei determina as competencias municipais nas materias enunciadas neste artigo, de conformidade cos principios establecidos no artigo 2º da Lei de Bases de Réxime Local «a



lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito a intervir en cuantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade da xestión da entidade local».

Significa iso que son servizos públicos de titularidade municipal todos aqueles que podendo ser prestados efectivamente pola entidade local, veñan satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Definido en termos tan amplos, calquera actividade do Municipio que teña por obxecto satisfacer unha necesidade dos veciños considerados globalmente ten a consideración de servizo público, quedando excluídos tan só aqueles cuxos destinatarios fosen un grupo reducido e identificable.

É precisamente esta nota da universalidade do servizo público, é dicir que o seu destinatario sexa unha colectividade indeterminada de administrados, a que debe servirnos para determinar si no caso presente atopámonos ou non ante un servizo público e, consiguientemente, ante un contrato de xestión de servizos públicos.»

Esta nota de universalidade está presente na xestión dos bombeos da EDAR Ares-fene-Mugardos.

5.- Segundo o artigo 275 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refunido da Lei de Contratos do Sector Público, a Administración pode xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia, sempre que sexan susceptibles de explotación por particulares, mediante as modalidades coñecidas do artigo 277 do Real Decreto Lexislativo 3/2011. Doutra banda, o artigo 4.1.d) do devandio Real Decreto Lexislativo 3/2011 admite e exclúe do seu ámbito os convenios que celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais. Este é o criterio sentado pola JCCA en Informe 21/08, de 28 de xullo de 2008. «Sobre a posibilidade de concertar convenios cando a natureza dos mesmos teñan a consideración de contratos suxeitos á Lei de Contratos do Sector Público, o que implica estender a exclusión dos convenios a todo tipo de contratos e non só aos contratos de obras, de subministración e de servizos sometidos á citada Directiva, senón a todos os contratos regulados na Lei, xa sexan administrativos ou privados.»

No presente caso, atopámonos ante un típico contrato de xestión de servizos públicos, polo que non resulta axustado a dereito a subscrición directa dun convenio cunha persoa de dereito privado eludindo os procedementos licitatorios que impón o Real Decreto Lexislativo 3/2011 para este contrato.

Deberá procederse, segundo o artigo 132 DO Real Decreto Lexislativo 3/2011 «Antes de proceder á contratación dun servizo público, deberá haberse establecido o seu réxime xurídico,



que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, atribúa as competencias administrativas, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo». A continuación, debe redactarse o oportuno prego de cláusulas económico-administrativas e o prego de prescricións técnicas.

6.- A figura de encoménda de xestión» aparece regulada no artigo 15 da Lei 30/1992-LRJ-PAC, precepto que por constituír o núcleo fundamental da regulación da consulta reproduce a continuación:

**«Artigo 15. Encomenda de xestión.**

1. *A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.*

2. *Encoménda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter Xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.*

3. *Encoménda de xestión entre órganos administrativos ou Entidades de dereito público pertencentes á mesma Administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e na súa falta, por acordo expreso dos órganos ou Entidades intervinientes. En todo caso o instrumento de formalización de encoménda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia, no Diario Oficial correspondente.*

*Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que incluírán, polo menos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.*

4. *Cando a encomenda de xestión realícese entre órganos e Entidades de distintas Administracións formalizarase mediante firma do correspondente convenio entre elas, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola Lexislación de Réxime Local.*

5. *O réxime Xurídico de encoménda de xestión que se regula neste artigo non será de aplicación cando a realización das actividades enumeradas no apartado primeiro haxa de recaer sobre persoas físicas ou Xurídicas suxeitas a dereito privado, axustándose entón, no que proceda, á Lexislación correspondente de contratos do Estado, sen que poidan encomendarse a persoas ou Entidades desta natureza actividades que, segundo a Lexislación vixente, haxan de realizarse con suxeición ao dereito administrativo».*



A doutrina administrativa entende que a encomenda de xestión determina a creación dunha relación Xurídica de carácter contractual e bilateral entre o encomendante e o encomendado. En virtude dela, a Administración encomendante adquire o dereito a que o encomendado efectúe no seu favor a prestación obxecto de contrato, prestación a cuxa realización queda obrigado o encomendado en virtude de encoménda.

O obxecto da relación Xurídica establecida entre a Administración encomendante e o encomendado é a realización por este último, en favor da primeira, de «actividades de carácter material, técnico ou de servizos». Tales actividades de carácter material, técnico ou de servizos que o encomendado comprométese a realizar en favor da Administración encomendante son competencia desta última, non supondo encoménda de xestión nin a cesión da titularidade da competencia nin a dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da Administración encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter Xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade obxecto de encoménda. En definitiva, encoménda é, para o encomendante, unha forma de exercer as propias competencias, sen necesidade de transferir a titularidade nin o exercicio das mesmas.

A Lexislación básica de réxime local nesta materia é o artigo 57 da Lei 7/1985-LBRL, que establece que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas Leis e pode ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

Aparecen, pois, no ordenamento Xurídico, vías diferentes de cooperación ou colaboración, en función dos obxectivos perseguidos e dos intereses que teñen que satisfacer as diversas Administracións Públicas: nuns casos, trátase de vías de cooperación para lograr intereses comúns ás partes e, por este mesmo motivo, configúranse a partir dunha posición de igualdade entre elas; noutros casos, do que se trata é de lograr a consecución de intereses particulares dunha das partes, o cal apunta cara a fórmulas que adoitan implicar desigualdade ou, mesmo, subordinación dun respecto da outra.

A inclusión desta técnica negocial implica a aceptación de encoménda de xestión entre órganos non subordinados, senón do mesmo nivel, pois cando un encomendante faio sobre o órgano inferior basta como título a orde que a impón, o cal está lexitimado no principio de xerarquía.

A LCSP deu unha nova redacción ao artigo 85.2º da LBRL: «Os servizos públicos da competencia local poderán xestionarse mediante algunha das seguintes formas: Xestión directa: [...] d. Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública».



Esta idea haberá de modularse co disposto no artigo 4. do Real Decreto Legislativo 3/2011 e o artigo 26.4 da mesma norma.

7.- As cuestións de competencia como órgano de contratación dos Alcaldes e dos Presidentes das Corporacións locais, por unha banda, e do Pleno, por outra regúlanse na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011. Corresponden aos Alcaldes as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Así mesmo, corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

## CONCLUSIONES

Informáse favorablemente o Convenio de Colaboración Marco para a xestión compartida do Servizo de Bomeboes da Obra “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” (EDAR).

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

O Sr. Alcalde manifesta que con motivo das obras da EDAR hai toda unha serie de colectores, os territorios dos tres Concellos que imos a compartir ese servizo, Ares-Mugardos e Fene, da que a súa xestión non forma parte do contrato da propia EDAR, a EDAR se adjudicou coa súa construción e a su xestión durante vinte anos, pero os colectores soa mente estaba contemplada a súa construción, en consecuencia temos que sacar a concurso os tres concellos a xestión de todo o entramado de tuberías e bombeos que van a levar loxicamente as augas fecais á estación Depuradora de Punta Avarenta, e eso implica sen dúbida algunha un gasto de mantemento e un gasto loxicamente de conservación, e en consecuencia asinamos un convenio os tres Concellos que ten que ser refrendado polos diferentes Plenos, no Concello de Mugardos se aprobou co voto do PP en contra, e no Concello de Fene se aprobou co voto do Bloque, en MUgardos Goberna o Bloque e se aprobou pero o PP votou en contra, e en Fene goberna o PP e o PP votou a favor e o Bloque votou en contra, en consecuencia está claro que cada grupo municipal ten a su autonomía, e fan o que consideran oportuno, e agora nos toca a Ares, entonces hai porras xa e haber efectivamente quen acerta, e esta claro que é un sen sentido que sobre unha obra tan importante que vai a



permitir a Depuración da Ría e que vai a situarnos no seculo XX, está claro que esa rede de colectores ten que ser obxecto de xestión, entónsomos o convenio a aprobación.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesías Farias, a primeira porra a vou a acertar eu, o BNG en Fene non votou en contra, nos cremos que debería de incluírse unha estimación aproximada de por onde van a ir o reparto dos custos, non sei se o Sr. Secretario o pode dicir.

Sr. Alcalde esta sen delimitar, hai tres (poboación, metros cúbicos e gasto eléctrico) e as tres regras son proporcionais, entónsomos fixaremos con augas de Galicia, o criterio, o reparto é proporcional que é que garante o convenio, que sexa poboación, metros cúbicos ou gasto eléctrico é unha cuestión técnica.

Sr. Mesías Farias: nos entendemos que isto é importante, e consideramos que esta incompleto nese sentido polo que a nosa postura vai a ser a abstención.

O Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que están de acordo e que van a votar a favor.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 4 do PP e 1 NAL) e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación o Convenio que seguidamente se transcribe:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE BOMBEOS DA OBRA “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” (EDAR)**

No Concello de \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

**REUNIDOS:**

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

**CONCELLO DE ARES, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo.**  
**CONCELLO DE FENE, Dn. Gumersindo Galego Feal.**



## **CONCELLO DE MUGARDOS, Dn. Xosé Fernández Barcía.**

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

### **EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

**Segundo.-** O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

**Terceiro.-** O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.



**Cuarto.-** O artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de bombeos da obra “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” (**EDAR**) e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

**Quinto.-** A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende prestar establece que Entre todos os servizos de carácter xeral o abastecemento e saneamento de augas é un servizo de carácter obligatorio que todo Municipio debe prestar con independencia do número de habitantes (artigo 26 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local de 2 de abril de 1985 e artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia), e que indisolublemente está ligado ás competencias atribuídas ós municipios en materia de protección do medio ambiente e salubridade pública. Igualmente o servizo de depuración de augas residuais urbanas foi declarado de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o artigo 6 da lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección de calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

**Sexto.-** A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

**Sétimo.-** Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación,



implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

**Oitavo.-** Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizos/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

**Noveno.-** Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

**Décimo.-** Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO : **BOMBEO DA OBRA “Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol” (EDAR)**, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

## **CLÁUSULAS:**

### **Primeira.- Obxecto.-**

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de bombeo da EDAR da zona norte da ría de Ares e na zona sur de ría de Ferrol a prestar de forma compartida entre os concellos de Ares-Fene e Mugardos.

### **Segunda.- Ámbito Territorial.-**

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente a Ares, Fene e Mugardos.

### **Terceira.- Obxectivos da colaboración.-**



O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

#### **Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-**

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Ares e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, contratación administrativa, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Cando a encomenda de servizos sexa recíproca entre as entidades asinantes do Convenio, deberá determinarse expresamente a forma de levala a cabo por cada unha das entidades asinantes do convenio.

Debe determinarse un **catálogo de condicións** en que se debe levar a cabo a encomenda de xestión.

#### **Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -**

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada polos Alcaldes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.



A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo e, proposta da periodicidade para o abono das cantidades á que se refire a cláusula 9ª.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, non seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

**Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.**

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

**Sétima. Medios persoais e materiais.-**

Cada concello pormenorizará no anexo ao presente convenio as condicións en



que se poderán adscribir determinados medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento do servizo.

#### **Oitava.- Subvencións e axudas.-**

Para a xestión do servizo poderán solicitarse axudas.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

#### **Novena.- Financiamento.-**

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello unha vez entren en vigor os respectivos orzamentos ou a súa modificación, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse ás aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será determinado e proposto pola Comisión Mixta á vista dos custes do servizo, garantindo a proporcionalidade e igualdade no reparto das cargas.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo no seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado da Intervención da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.



### **Décimo.- Causas de resolución.-**

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

### **Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio**

O presente convenio entrará en vigor ou día da súa sinatura e estendera a súa vixencia durante o prazo de duración da actual concesión administrativa.

### **Décimo Segunda - Natureza do Convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

### **Décimo Terceira.- Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

### **Décimo Cuarta.- Xurisdición competente**

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta , en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

**PUNTO 9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS ADOPTADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.-**



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello dáse por enterado.

#### **PUNTO 10.- MOCIONS E PROPOSTAS.-**

##### **a) P.S. DE G P.S.O.E.: Prórroga programa PREPARA.**

Dáse conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que seguidamente se transcribe:

“De acordo co previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **o Grupo Municipal Socialista**, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCION**, para instar ao Goberno de España a prorrogar o programa PREPARA dirixido ás persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, en base á seguinte

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O paro é o principal problema dos cidadáns. A actuación do goberno agrava día a día este problema e as súas consecuencias máis negativas para a cidadanía. A última enquisa de poboación activa pon de manifesto o dramático aumento do desemprego, o incremento do número de parados de longa duración e dos fogares con todos os seus membros en paro. A enquisa reflexa os aumentos do paro que xa mostraban as cifras desestacionalizadas dos meses de abril, maio, xuño e xullo do presente ano.

As políticas desenvolvidas polo goberno lonxe de atallar o problema do paro agrávanlo e cada nova previsión do goberno establece un novo record de parados.

A reforma laboral, ao abaratar e facilitar o despedimento en tempos de crises, está provocando unha sangría insuportable en termos de emprego.

Os orzamentos xerís do estado significaron o recorte drástico das políticas activas de emprego, especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1700 millóns de Euros, un 54%. Estes recortes lévanse por diante as políticas de axuda aos desempregados na súa procura dun posto de traballo, pois afectan aos programas de orientación, formación e recualificación. Todo isto en contra das recomendacións do Consello Europeo.

O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de fomento de competitividade cerna de forma descomunal a protección dos desempregados ao suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ao elevar a idade de 52 a 55, a expulsa da Renda Activa de Inserción a practicamente o 90% dos seus



beneficiarios. Centos de miles de desempregados veranse sen protección algunha nos próximos meses.

As políticas do goberno están provocando fractura social de España: máis parao, menos protección, menos dereitos, e contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para favorecer a empregabilidade dos parados.

Neste contexto a continuidade do programa PREPARA é unha necesidade de primeira orde. Este programa mostrou largamente a súa eficacia e propiciou a mellora da empregabilidade de máis de 450.000 parados. Este programa apóiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e recualificación á vez que facilita unha axuda de renda á persoa desempregada.

Non podemos permitir que o Plan PREPARA desapareza nas circunstancias actuais, porque é a única fonte de subsistencia dos cidadáns que esgotan o desemprego e que non teñen máis nada que eses 400 Euros para poder vivir.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista de Ares presenta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte proposta de

#### **ACORDO**

**Instar ao Goberno de España a que, co fin de garantir a a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e para evitar a exclusión social, prorroge o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, regulado no Real Decreto-Lei 1/2011, de 11 de febreiro, desde o 16 de agosto de 2012 ata, polo menos o 15 de agosto de 2013.**

Aberto o Turno de Intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Haber Alcalde eu moi brevemente, penso que non sodes conscientes da aprobación do novo Real Decreto Lei, a aprobación deste Real Decreto é con posterioridade á Moción, a Moción é de 13 de agosto e a data do Real Decreto é o 24 de agosto, polo ven recollido todo sustancialmente en canto á petición da Moción, unicamente que quedades mantela polos cambios que recolle o propio Real Decreto.

Sr. Alcalde, nos o que pedimos e que se manteña o Plan PREPARA en todos seus términos, como estaban antes.

Sr. Luis Cendán, eu sei que houbo algúns cambios con respecto ó Plan, pero a axuda subiu incluso de 400 a 450 euros.



Sr. Alcalde, pero disminuiron os prestatarios, pero en calquer caso esto é unha declaración de intencións, nos poñemos de manifesto esto, que querríamos que a situación fose exactamente a mesma.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular SR. Manuel Cendán: Deixar claro que esto foi recollido todo practicamente no Real Decreto, a única diferenza que hai sobre o que había e o tema de que os conxuxes os afectados que vivan en familia non cos avos, como se dicía, eso non é certo, pero sí os país, que pasen do 75% do IPREM, quere dicir que se o solicitante a media percapita supera o 75%, se por exemplo os país teñen 4000 euros ou 3000 euros de ingresos o fillo esta xente non ten dereito a elo, pero serán casos insignificantes, practicamente ten dereito todo o mundo, o único que vai é para a xente que supero o 75% do IPREM, o resto o Real Decreto é exactamente igual do que estaba no goberno Zapatero.

Sr. Alcalde, o Plan PREPARA comprendía os de 52 anos, e aquí temos reclamacións de menores de 54 anos que están reclamandoa, polas dúbidas vamos a manter a Moción, que está claro que nos facemonos eco dun número importante de veciños que viron suspendida de maneira automática a súa prestación, e tamén me parece absurdo que para seguir igual que suspenda a prestación, se suspenden é porque hai novos requisitos e van a comprobar se os tes, porque se non houbera requisitos non había nada que comprobar e nada que suspender, entonces os requisitos cambiaron, e en consecuencia eso sen dubida algunha pois xa pon a un bo número de persoas na textura de estar tres meses sen cobrar polo menos, desde que se suspenderon en xullo, e este mes seguiron viñendo que non cobraron, entonces algo extraordinario loxicamente pois lles esta pasando, e que non teñen un peso, e temos situacións moi difíciles.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

**b) B.N.G. Contra a supresión dos servizos ferroviarios.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción, para o seu debate no Pleno da Corporación

**Exposición de Motivos:**

As comarcas de Ferrolterra, Ortegal e Eume corren perigo de perder o tren. O Goberno español pretente reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios. No caso de FEVE afectaría ás cercanías de forma grave e aos servizos rexionais, polo que a comunicación ferroviaria en Ferrolterra, e entre esta comarca, Ortegal e A Mariña sería aínda máis deficiente e as dificultades para o uso de transporte público moito maiores. Non é esta a mellor forma



de colaborar ao seu desenvolvemento económico e ao seu equilibrio social. Os recortes de FEVE non traerán máis que maior precarización dos servizo e máis paro.

Pola súa parte, respecto dos servizos de Renfe pretente a práctica eliminación dos rexionais actuais en nome dunha política de reestructuración e liberalización que, na práctica, significa a desaparición do ferrocarril, quedando en exclusiva o itinerario Ferro-A Coruña en máns do transporte por estrada.

Non é de recibo que unha parte de máis de 500.000 habitantes quede á marxe dun transporte público que cumpre un importante papel social e que podía cumprilo moito máis de terse realizado os investimentos necesarios na infraestrutura, alén de contar con mellor material rodante e o número de frecuencias adecuadas ás necesidades. En lugar de optar polo desenvolvemento económico, impulsando o ferrocarril, o Goberno español ve este momento de crise como unha nova oportunidade para empobrecer máis unha comarca dabondo castigada, por sucesivas reestructuracións de sectores económicos estratéxicos como naval.

E por isto o grupo municipal do BNG presenta está moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

- 1.- Expresar o rexeitamento total aos planos do Goberno español de reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios en Galicia, en particular nas comarcas de Ferrol-Ortegal-A Mariña, FEVE, e no itinerario Ferrol-A Coruña, Renfe, por significar máis discriminación e marxinação económica e social destas comarcas.**
- 2.- Esixir do Goberno español e da empresa pública FEVE o mantemento dos servizos actuais en Galiza, e en particular as frecuencias nas cercanías e os rexionais existentes, ademáis de mellorar a súa prestación tanto en material rodante como en adecuación ás necesidades sociais. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo.**
- 3.- Instar ao Goberno español e á Xunta a negociar a transferencia dos servizos de FEVE en Galiza e de Renfe no itinerario Ferrol A Coruña á Comunidade Autonoma de Galiza, nas debidas condicións económicas, para formar una Compañía Ferroviaria Pública Galega que os preste e xestione debidamente, co interese requerido e como fundamental desenvolvemento económico e da cohesión social destas comarcas.**
- 4.- Esixir do Goberno español e da empresa pública Renfe o mantimento dos servizos rexionais de Renfe entre Ferrol e A Coruña e aumentar o número de frecuencias, conforme as necesidades sociais, mellorando o material rodante e acurtando o tempo de viaxe, realizando o investimento necesario para a construción dun "by pass" en Betanzos. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo."**



Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: O Goberno Español, pretende reducir ou eliminar os servizos ferroviarios, no tema de FEVE afectaría as cercanías de forma grave, os servizos rexionais, polo que a comunicación en Ferrolterra, desde a comarca de Ferrolterra-Ortegal e a Mariña segue aínda máis deficiente e as dificultades para uso do transporte público é moito maior, pola súa parte respecto dos servizos de RENFE pretende a practica eliminación dos rexionais actuais, en lugar dunha de reestruturación e liberación que na practica significa a desaparición do ferrocarril quendando en exclusiva o itinerario Ferrol-A Coruña en máns o transporte por estrada, e por iso que nos presentamos esta Moción co obxecto de acardar os seguintes acordos :

1.- Expresar o rexeitamento total aos planos do Goberno español de reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios en Galicia, en particular nas comarcas de Ferrol-Ortegal-A Mariña, FEVE, e no itinerario Ferrol-A Coruña, Renfe, por significar máis discriminación e marxinação económica e social destas comarcas.

2.- Esixir do Goberno español e da empresa pública FEVE o mantemento dos servizos actuais en Galiza, e en particular as frecuencias nas cercanías e os rexionais existentes, ademáis de mellorar a súa prestación tanto en material rodante como en adecuación ás necesidades sociais. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo.

3.- Instar ao Goberno español e á Xunta a negociar a transferencia dos servizos de FEVE en Galiza e de Renfe no itinerario Ferrol A Coruña á Comunidade Autonoma de Galiza, nas debidas condicións económicas, para formar una Compañía Ferroviaria Pública Galega que os preste e xestione debidamente, co interese requerido e como fundamental desenvolvemento económico e da cohesión social destas comarcas.

4.- Esixir do Goberno español e da empresa pública Renfe o mantimento dos servizos rexionais de Renfe entre Ferrol e A Coruña e aumentar o número de frecuencias, conforme as necesidades sociais, mellorando o material rodante e acurtando o tempo de viaxe, realizando o investimento necesario para a construción dun "by pass" en Betanzos. Instar á Xunta a que realice xestións co mesmo obxectivo.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL SR. Luis Cendán: Eu moi brevemente simplemente dicir que aínda que no fondo podo estar de acordo, se se reduce como dice na exposición de motivos a propia Moción sería unha mala noticia, por outro lado aquí tamén hai que entender que aquí non se especifica en canto ós datos estadísticos de utilización do servizo, nin costes, nin coste económico-financieiro, e sobre todo coa que nos esta caendo agora mesmo, reducir servizos e gastos, haber eu non teño os datos suficientes para tomar un acordo, para posiconarme respecto a esto polo tanto aquí na Moción non alude a ningún destes datos que eu digo, polo tanto o meu posicionamento con respecto a esta Moción vai a ser a abstención.



Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Bueno nos non estamos de acordo en absoluto por varios motivos, o primeiro e que a situación e a que hai, o goberno anterior do Estado tivo que solucionar esto en 1841 millóns, e creo que a situación que ven dende os últimos 15 anos son 40 millóns anuais que está aportando a Xunta de Galicia a estes servizos, cando o servizo e deficitario, está subvencionado non cumpre a competencia con outros servizos públicos que se poden dar e que non teñen subvención pública, e que están xenerando mellores servizos e que as Administracións hoxe en día e coa que está caendo non pode estar a Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado poñendo ahí 1800 millóns para un servizo que non ten usuarios, eu creo que eso hai que melloralo, buscar outras alternativas e xente non vai por que non compite, a xente vai a un servizo si lle é rentable, e si é eficaz, e o tren de cercanías non é eficaz, hai outros servizos como é o transporte público de viaxeiros que é económico e aparte máis rápida, e entón a xente, non o uso, entón haberá que facer unha inversión para mellorar isto que estou dicindo eu, o tempo e mellorar os servizos que dan estes trens de cercanías, a xente non acude por algo, o que non pode estar ó goberno central nin a Xunta metendo 40 millóns todos os anos que os estamos pagando todos para que practicamente non vaia ninguén, hai van dous ou tres viaxeiros, pero esta xente ten outras alternativas máis cómodas e que son máis útiles e mentres tanto non se faga unha inversión que a xente poda acceder a el porque é mellor servizo e que a xente vaia por que non pode, o que non pode e manterse un servizo que practicamente vai vacío, aquí hai que falar de canta xente acude a este servizo ferroviario, e eso é o que hai que facer, creo que os tempos que corremos, que non están para tirar cohetes nin para despifarrar o diñeiro en servizos que non compiten, e o tren de cercanías non compite, aquí temos un exemplo o transporte da lancha de Mugar dos a Ferrol pois xa ves funciona no verán o logo non funciona, e é un servizo que cando se usou e se puxo gratuito polo tema da rotura da Ponte das Pias, se quixo seguir co servizo, pero tan pronto se abreu a Ponte das Pias cada un no seu coche, e eso que de aquela os barcos atracaban nos muelles de ASTANO e nos muelles de Bazan, dicir que a xente é moi cómoda temos esa cultura, non temos unha política de utilización dos servizos públicos, e cada un vamos no noso coche, e é un problema de educación vial que temos, non soamente os galegos senón toda España, e é a que hai, e haberá que mirar de evitar eso, se esta estudando se está metendo, a este Concello lle está custando diñeiro o tema do transporte público, e campañas que está facendo a Xunta a favor do transporte público e os cidadáns non os utilizamos e esa é a situación e o tren moito menos, e un servizo que practicamente non se utiliza e está custando diñeiro, e é normal que as administracións tomen medidas, mentres tanto non se faga unha modernización do sistema e sexa competitivo, senón a xente, non o vai a usar, o subvencións con 40 millóns ou con 60 millóns, a xente non vai ó tren, aínda que o sexa gratuito, e eso foi o que paso co barco coas lanchas de Mugar dos, aínda sendo gratis a xente non acudeu, e un problema que temos que resolver os cidadáns que non acudimos os servizos públicos, e haberá que mentalizar á xente que utilice os servizos públicos.



Aquí facemos unha enquisa e lle preguntamos á xente á que hora sae o tren de Ferrol para Coruña, e ninguen sabe, e esa é situación, non temos cultura de servizo público, e as administracións terán que tomar medidas, non podemos aguantar máis, hai recortes por todos os lados, non podemos aguantar máis esta situación porque o diñeiro o vamos a pagar todos, este concello está colaborando ó transporte público aquí, e non podemos aguantar todo isto, servizos que non sexan competitivos que a xente non acuda habera que facer algo con eles, ou melloralos para que a xente vaia, ou reducilos, e non queda alternativa, nos polo tanto creemos que isto hai que retócalo e estas cousas é un despilfarro coa que está caendo, e vaian os trens de aquí para alá vacíos, eso hai que solucionar, e se pode de dúas maneiras, unha é a modernización do sistema e mentras non se faga ter que recortar viaxes, e que a xente busque outra alternativa e transporte público que non esta subvencionado.

Interven o SR. Alcalde-Presidente: A posición do Grupo Socialista lóxicamente é defender que os servizos públicos non son un negocio e que polo tanto os parámetros de beneficio lóxicamente non se poden aplicar sobre todo en situacións que sirven para vertebrar o territorio está claro que moitas veces o servizo do tren, o que fai e vertebrar poboacións, evidentemente se ti me dis cantos billetes se venden para Ferrol-Oviedo, seguramente poucos, pero que entre Ferrol e Oviedo sube moitísima xente eso non o nega efectivamente ninguen, e por suposto un dos servizos que tamén se suprime que din que non é rentable e o que leva todos os rapaces dos institutos de volta para as súas casas, e evidentemente so hai que ir a saída dun instituto e ver todos os rapaces que fan ese itinerario precisamente no horario en que se suprime o servizo de cercanías, en consecuencia está claro que hai unha gran diferenza entre o Partido Popular e os partidos que efectivamente manifestan o apoio a súa moción que é a visión dos servizos públicos como un negocio, por eso efectivamente onde é rentable se privatiza e onde non é rentable se suprime, e así lóxicamente aplicamos toda unha nova doutrina, onde os máis fortes teñen as condicións de ir a buscar o rapaz a saída do instituto e o pai o leve en coche ou o leve en taxi e outro pois tera que quedarse a comer un bocadillo no millor dos casos, precisamente pois para coller un itinerario nun horario que non se suprimiu vamos, que é precisamente o que ninguen usa, porque está claro como me dicía a mín o Presidente da Asociación de amigos do Ferrocarril, na Comarca de Ferrol se suprimen os servizos onde teñen máis usuarios o que pasa que está claro que hai que potenciar ou facer outros favores, e evidentemente un deles pois é nin máis nin menos que manter e reafirmar o monopolio das liñas que en exclusiva efectivamente ano tras ano xestionan coñecidas empresas de transportes de autobús, que efectivamente van incrementar efectivamente o seu servizo, en consecuencia nos vamos a votar a favor.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Moi brevemente, xa casi se dixo todo, e máis o voceiro do Partido Popular dixo o que tiña que dicir, entón habería que potenciar o servizo para que se utilice máis, nos entendemos que nos tempos que corren,



o que se debe facer é apoiar o transporte público, porque é unha forma de cohesión social e tamén económica. Non temos a cultura do transporte público, entonces para que están os gobernos deben dalgunha maneira incentivar o transporte publico, ben con medidas como a que toma o Concello de Ares con respecto do bus ou con outras medidas, hai unha cousa que está clara certamente os usuarios de Ares pouco poden utilizar o tren porque non temos, pero tamén digo unha cousa, si eu tivese oportunidade de ir traballar o Lugo como vou, e si tivese a oportunidade de ir en servico público ven en tren ven en bus, estaba claro que deixaba o coche na casa, logo non é un problema de que a xente non quera utilizalo senon que é un problema de que non se dan os factores a favor, para que a xente poida utilizalo, e sobre todo na costa e na Comarca da Mariña, saber que o FEVE é un medio de transporte moi importante, polo tanto aquilo de eliminar aquilo que non é rentable, igual non é rentable a viaxe Ferrol-Vigo por autopista, que sae unha pasta entre a Autopista e o gas-oil, haber quen se pode permitir ir con máis ou menos frecuencia, entonces digo eu, vamos a eliminar agora tamen o tren para que despois a única vía de Comunicación sexa o bus e logo o poñan a un precio que tampouco vai ser maneira de poder facer fronte, hai que pensar un pouco en todos, nos que temos coche e nos que non teñen coche, e na xente que quere utilizar o transporte público e para eso hai que adoptar medidas que favorezan o uso do transporte público, nada máis.

Interven o voceiro do Grupo Popular, Sr. Manuel Cendán: Home a mín me parece, despois de escoitar o Bloque podería asumilo, pero que ti o digas, que a intervención do voceiro do PSOE a ten o do Bloque pois a podería admitir, pero do PSOE non a pode admitir, e vou a poñer un exemplo, a parte de que a responsabilidade do tema ferroviario quedaron de resolvela no 2011 o goberno socialista, non o fixo, decirte que no 2011 quedou de reunirse coas Comunidades Autonomas e resolve-lo problema do trenes de cercanías, eu non o dixen na primeira intervención pero como quitaches todo esto agora o vou a dicir, aquí houbo unha privatización de servicos públicos aéreos que foi de AENA eso o fixo o Goberno Socialista, a mellor empresa publica de transportes que ten este país AENA a privatizou o Partido Sociaista, entonces non me veñas aquí con este discurso, de demagogo, cando estades na oposición queredes ser mais de izquierdas que Caio Lara, non estivechedes no goberno hai uns meses e a situación que hai no tren na Comarca e en Galicia é a que deixachedes, e o tema de AENA fuchedes os que privatizachedes a mellor empresa publica de transportes que hai neste país, a privatizou o Partido Socialista, non me vir a min con estes discursos porque nón, sabemos o que hai e un Partido que vai a estar na oposición sempre, que nin vai a gobernar en Galicia nin vai a gobernar en España, o pode dicir, pero o PSOE que estaba gobernando e pode volver dentro de catro anos ou dentro de oito non pode estar con estes discursos porque sabe que o diñeiro e o que hai e proba evidente, a crise económica que se veu xenerando e que non se quixo asumir, hai esta a situación, e o primeiro que recortou e que baixou os salarios os funcionarios foi o



Partido Socialista, e aquí se olvida todo o mundo do que hai, porque toca de gobernar e o diñeiro e o que hai e toca de repartir e agora esta é a situación, non se pode competir con líneas tercer mundistas RENFE, haberá que privatízalo haberá que modernizalo como pasou con Correos que hai que darlle unha volta de tuerca, e xestionalo canto non se modernizou Correos pois en RENFE hai que facer o mesmo o país non esta agora para invertir nestas historias, esa é a relaidade o diñeiro e o que hai, entonces non vir agora con estes discursos porque non, fuchedes os que privatizachedes o sistema público de transporte neste país, que teña que escoitar eu eso non me parece ben, que o diga o BNG bueno pero vosoutros non.

SR. Alcalde: Manuel AENA non é unha empresa de transportes, AENA é a empresa que xestiona os aeroportos españois, AENA xestiona as chegadas e saídas a través de controladores aéreos e a xestión das maletas.

Sr. Manuel Cendán, en Galicia hai tres aeroportos e debería solamente haber un, grande e bo, e en Comunidades Autonomas que hai aeroportos que non teñen un so vo o día, non debería de habelos eso é un despilfarro.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 8 votos a favor 6 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG 4 votos en contra do Partido Popular e 1 abstención de NAL acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

**c) B.N.G.: Estrada Ares-Chanteiro.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor Literal:

“ O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A situación da estrada Ares-Chanteiro –fundamentalmente no referente á situación do firme, ancho da estrada e seguridade viaria –vén sendo unha subvención reclamación reiterada nas últimas décadas, ben fose no ámbito vecinal, ou desde diversas iniciativas institucionais.

Neste último, hai que lembrar o intenso traballo, levando a cabo polo BNG, con reiteradas iniciativas no seo da Deputación de A Coruña desde o ano 99, e finalmente na acción de goberno desa institución.

Así foi que o Pleno da Deputación de A Coruña, na sesión celebrada o 31 de Xullo de 2009, prestaba aprobación ao Programa de Investimento en Viais Provinciais(2009-2011), no que figuraba o proxecto de ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na estrada Ares-Chanteiro, cun investimento que se achega aos dous millóns de euros.



Con data 7 de abril de 2011, o BOP publicaba o anuncio de expediente expropiatorio, como paso previo á licitación das obras; e no mesmo mes de Abril deste ano o mesmo BOP publicaba diversos anuncios sobre notificacións ás persoas interesadas da constestación ás alegacións que foron presentadas.

Nese proceso, todo semellaba apuntar ao final do procedemento e que, agora sí, a execución das obras desta importante via de comunicación serían unha realidade. Sen embargo, a inconcreta resposta ofrecida polo Presidente da Deputación a preguntas do deputado provincial do BNG, Xesus Soto, no pleno celebrado pola institución o pasado 29 de xuño, non fan máis que deitar dúbidas a respecto da execución do proxecto.

Semella que, a pesar de figura o proxecto nun plan aprobado xá hai tres anos, de estar o proxecto expropiatorio rematado, o que agora non fica claro son as prioridades orzamentarias; ameazando cunha nova demora nun proxecto que, ao marxe do xá comentado, representa unha urxente necesidade non só para o vecindario da zona –nomeadamente, Lubre Cervás e Chanteiro –senón tamén dos milleiros de persoas que utilizan este vial, nomeadamente na tempada do verán.

Á vista da situación comentada, desde o BNG propomos ao pleno do concello de Ares a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1.- O pleno do Concello de Ares solicita da Deputación de A Coruña que nos orzamentos da institución para o exercicio de 2013 se inclúa a partida necesaria para proceder á contratación e execución cando menos da primeira fase do proxecto de ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na estrada de Ares-Chanteiro; incluído dentro do Programa de Investimento en Vías Provincias (2009-2011) aprobado polo pleno da Deputación en sesión celebrada o 31 de xullo de 2009.**

**2.- O Pleno do Concello de Ares, acorda remitir copia deste acordo ao Presidente da Deputación de A Coruña e a todos os grupos con representación da devandita institución.”**

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: Manifestando que a exposición de motivos e básicamente a situación na que se atopa a Estrada Ares-Chanteiro, dando lectura á exposición de motivos anteriormente transcrita.

Nos o que dicimos e que esta é unha obra importante polo que representa para o vecindario da zona, así como para o resto de veciños que nos meses de verán van dalgunha maneira cos seus vehículos a esta estrada, entóns á vista da situación comentada solicitan a adopción dos seguintes acordos

1.- O pleno do Concello de Ares solicita da Deputación de A Coruña que nos orzamentos da institución para o exercicio de 2013 se inclúa a partida necesaria para proceder á contratación e execución cando menos da primeira fase do proxecto de ampliación e mellora do trazado e



seguridade viaria na estrada de Ares-Chanteiro; incluído dentro do Programa de Investimento en Vías Provincias (2009-2011) aprobado polo pleno da Deputación en sesión celebrada o 31 de xullo de 2009.

2.- O Pleno do Concello de Ares, acorda remitir copia deste acordo ao Presidente da Deputación de A Coruña e a todos os grupos con representación da devandita institución.

Interven o SR. Alcalde-Presidente: Emilio se me permites sería a contratación e a execución do proxecto, porque o proxecto xa esta redactado, entón agora sería a contratación para súa execución, te parece ben.

Resposta o sR. Mesias Farias, si perfecto.

Interven o Voceiro de NAL, SR. Luis Cendán: Eu moi brevemente, eu tiña entendido ata a data que este era un proxecto que se ía a executar, eu non vou a entrar en cuestións que si hai dúbida, a través da pregunta que fai o parlamentario do BNG, pero eu o que quero é imaxinarme que este proxecto, se estivo prolongando polo tema das obras do ese, polo tanto o outro día como ven dí o proponente este asunto se levou a xunta de voceiros, se fixo unha modificación hai para que se execute so o lado dunha primeira fase que a execución sexa en toda a súa totalidade eu quero creer polo menos que isto vai ser así e que se vai a executar por parte da Deputación a cantidade suficiente para a execución da obra total, eso é o que penso eu, entón en líneas xerais sin entrar noutro tipo de matices van nese sentido polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Interven o voceiro do Grupo Popular SR. Manuel Cendán: Nos vamos a votar a favor pero deixar feitas unhas puntualizacións, dicir que esta estrada leva desde o 2001 xa en preferencia, eu me lembro que votei unha tarde alí mirando estradas provinciais, todo con video e xa se ía a empezar, xa estaban os estudos técnicos, o final la lexislatura pasada na Deputación como ben decides, se aprobou pero non se puxo contía económica, entón ahí está o tema non se pode executar, e esta é a situación, non se pode executar porque non ten partida económica, co máis agravante que por parte do anterior presidente da Deputación que en vez de esixirle á empresa de Augas de Galicia esixirle a reparación de toda a carretera de todo o que ían romper, non lles di que xa o íamos a facer nos dixo Moreda, isto facemos nos que o vamos a amañar, entón se lle deixo a empresa que esta facendo a obra COPASA que non reparara o firme, e esta é a situación que ahí e por eso estamos mal, a Deputación aprobou un proxecto pero non ten partida económica para executalo e por riba á Xunta non se lle esixiu a reposición do camiño, esta e a situación que ten, ogalla teñamos sorte e a metan. Esperemos que este ano cando se aproben os presupostos este incluída ahí, porque senón vamos a seguir no mesmo, esa obra non ten partida económica, e outras en Cabanas ou Pontedeume que foron aprobadas no mesmo Plan si, e se están executando, a de Ares non levaba partida económica, esa e a situación non é o retraso da obra. Esperemos e teñamos fe de que se mete no 2013, senón seguiremos discutindo aquí o tema da estrada de Chanteiro.



O SR. Alcalde Presidente: O proxecto se redactou no 2008 ou no 2009 xa no me lembro, pero hai que expropiar, entonces ademáis de que hai que expropiar sempre se transmitiu e sempre se falou de que non se podía executar antes de ter as obras que era unha barbaridade e non so de executar as obras da EDAR senón efectivamente tamén hai outra obra que é o abastecemento de auga a Cervás, entonces efectivamente era un sinsentido, proceder á execución dunha estrada con obras pendentes, e cun transito de camións moi importante, entonces o compromiso foi redacta-lo proxecto, procede-las expropiacións, que eu saiba todos os propietarios recibiron a carta, agora está a urxente ocupación, e a partir de ahí haberá que dotala economicamente porque xa están todos os elementos para executala, é un sensentido dotar economicamente un proxecto que depende de expropiacións que están sen facer, é tira-lo diñeiro, e meter o diñeiro nunha partida e non poder executalo, entonces o propio Diego Calvo, Presidente da Deputación na contestación á pregunta que fixo o Deputado do BNG e así consta no libro de sesións da Deputación, deu exactamente esta mesma explicación, que efectivamente se está en fase de expropiación, e que unha vez efectivamente efectuadas as expropiacións se está en condicións xuridicas, de proceder á execución da obra, e en consecuencia de dotar economicamente efectivamente esta obra, porque non se dotou este ano, porque a obra da EDAR non remata ata xaneiro, porque falla o auga a Cervás con o que había que volver a abrir a estrada e porque evidentemente aínda non están executadas as expropiacións, en consecuencia a mín me deu esa explicación e me pareceu razoable. O ano pasado non se puido meter nos orzamentos porque aínda estaban coas cartas de expropiación e este ano non se meteu e Diego Calvo me deu estas explicacións. Pois bueno non pasa nada, as obras da EDAR rematan en xaneiro teras que facer os orzamentos para 2013, e loxicamente é un millón e medio de euros, se houbo dous millóns para Santiago cun Plan Urban de 22 millóns de euros, e se houbo setecentos cincuenta mil euros para Ferrol cun Plan Urban de doce millóns de euros, eu lle dou a Ferrol todos os POS e el que me de a mín todos os Urban, e por riba de darlle 12 millóns no Plan Urban lle dan setecentos cincuenta mil máis, me parece que non é a función da Deputación axudar as grandes cidades, a Deputación naceu con esa vocación, eu lle dou a Ferrol os POS o POL lle dou todo e que me de a mín o URBAN dun ano, porque efectivamente é unha autentica desgraza que aínda por riba se poda defender unha barbaridade como esa pero bueno é así. A estrada de Ares a Chanteiro vale millón e medio de euros, e hai un compromiso por parte de tres administracións, a Xunta a Deputación e o Concello e é un compromiso institucional, os cidadáns de Cervás e de Chanteiro tiveron a paciencia infinita coas obras da EDAR e xestionaron de maneira efectivamente óptima todas as deficiencias todas as molestias, todos os inconvintes dunha obra desa magnitude a cambio de saneamento, abastecemento e estrada, se algunha das Administracións falla dende logo non o vamos a consentir, e faremos todos o que este na nosa man para que os compromisos se cumbran, e esta moción responde a ese compromiso vai nesa línea e en consecuencia esta claro que vai na liña non so do comprometido senón da defensa a ultranza dos intereses dos veciños que como Concelleiros desta Corporación e o primeiro que nos corresponde antes de defender a nosos partidos temos que defender a quenes nos votan, e por suposto está claro



que no meu caso concreto antes do Partido Socialista están os veciños de Ares, en consecuencia esixiremos o cumprimento deste compromiso e polo tanto votaremos a favor e pido nese sentido que se sexa consecuente con o que se aproba e cada un no seu ámbito faga todo o que este na súa man para que este compromiso efectivamente se cumpra.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente preguntase os voceiros dos Grupos Municipais se teñen algunha Moción para presentar pola vía de urxencia, o Sr. Mesias Farías presenta as seguintes Mocións.

### **MOCION PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción, para o seu debate no Pleno da Corporación

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.

Até o de agora, o "programa de reformas" executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias élites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que "as medidas



de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos", asegurando ademáis que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma reaizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que suponen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademáis da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.



No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alen de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

- 1. Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.**
- 2. Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.**
- 3. Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda) a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.**



Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, e manifesta que a urxencia ben dada porque foi o que me dixeches na Xunta de Voceiros que a trouxera pola via de urxencia.

Sr. Alcalde, xa pero o problema é o petitum, non vamos aquí, e dicir o petitum é inexecutable, todos os que estamos aquí estamos sometidos ó imperio da Lei, e creo efectivamente se o Goberno de España suprime a paga extra, eucreo que non hai maneira de pagala e se a pagas é un incumprimento.

Sr. Mesias Farias, non di pagar a paga extra, di compensar a perda de poder adquisitivo.

Sr. Alcalde, bueno pero compensar o poder adquisitivo supón compensar o que non te pagan, esta claro que compensar e volverte a dar o que te quitaron, eu non vexo maneira Emilio.

SR Mesias Farías, bueno maneira hai porque outros Concellos PSOE e BNG o fixeron.

Sr. Alcalde o problema desa Moición é o acordo Emilio, creo que propos un acordo que coa conxelación da masa salarial.

Acto seguido sometese a votación a urxencia co seguinte resultado : 6 votos a favor (2 BNG e 4 PP) e 7 votos en contra ( 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL), acorda rechazala urxencia.

Sr. Alcade: desde logo que retiredes a paga extra vosoutros e que votedes a urxencia desta Moción ten mandanga.

Sr. Manuel Cendán, non confundes Julio, eu non lle privo a ningún grupo político de que presente suas propostas, e que as debata pero eu ía a votar en contra, si se aproba e se debate o PP ía a votar en contra, o que pasa que eu non lle vou a privar a ningún grupo que debata as súas propostas.



SR. Alcadel: se me pides que se denuncie a perda de masa salarial, se pide que o goberno retire a normativa que nos impida a nosoutros compensar, pero non me pidas que se tome aquí un acordo que eu non vou a cumprir, non podo votar a favor dunha moción que non vou a cumprir, entonces se reformula, estamos en contra da perda do poder adquisitivo, lle esiximos o goberno de España que derogue a normativa que lle impida os Concellos compensar os traballadores, eu entro en todas esas, agora aprobar un acordo que eu mesmo e o grupo de goberno non vai a cumprir, eu efectivamente se a modificas non hai ningún inconveniente.

Sr. Mesias Farías, agora esto xa esta votado, eu o que digo que ti podes xustificar a túa postura unha vez que se debata a Moción, agora o que a mín non me parece ben e que non permitas o debate da Moción.

Sr. Alcalde, non Emilio eu non o incluo na Orde do Día, agora o presentas pola vía de urxencia, e pola vía de urxencia cada un vota o que lle da a gana.

Sr. Mesias Farias, estou de acordo Julio, ti non permites porque tes o dereito a incluílo na Orde do Día, enton me dis levao pola vía de urxencia, pero non permites que se fale da Moción nin se discuta porque impides co teu voto sobre a urxencia impides que se leve a debate, e despois outra cousa e que lle recriminas ó PP que vote a favor da urxencia, e sen embargo vos criticades está medida, e non facedes nada por poñerlle freo, o que está claro que en política moitas veces hai que ir en contra, e se eu non estou de acordo co que fai o Partido Popular, que son unhas medidas que desde logo non teñen para nada sentido, o que vou facer e intentar dar de algunha maneira cincuenta mil voltas, buscar cincuenta mil camiños para dalgunha maneria non facer que o Partido Popular se salga coas súas, e nos consideramos que era un agravio comparativo e mira o que estou facendo que nos ti e máis eu somos empregados públicos tamén, e non temos a ninguén que nos defenda porque non temos a sorte que teñen os funcionarios.

Sr. Alcalde, se permites a diferenza está en que aprobada a túa Moción se xenera unha expectativa nos traballadores do Concello e eu que votei a favor desa Moción, o día 31 de decembro non lles vou a pagar nada, ese é o tema, esa é a situación, esa é a situación na



queda o grupo de goberno, vota a favor dunha compensación e logo os traballadores non se lles compensa.

Sr. Mesias Farias: xa pero hai dúas partes, a primeira sería aceptar o debate, que non o aceptaches, e a segunda sería votar a favor ou non, e eu digo, que hai maneiras de facelo, porque digo hai maneiras de complementos dalgunha maneira por produtividade e tal, pero non digo para a practica totalidade da paga, non digo pagar a paga extra que xa sabemos que sería ilegal, pero si que hai mil e unha maneiras sobre todo cando estaba orzamentos nestes orzamentos, xa que o Real Decreto é de metade de ano, e xa estaban os orzamentos.

Sr. Alcalde, si pero precisamente este Decreto ten como vontade provocar ese aforro, e dicir, as partidas están orzamentadas e xenera un aforro positivo, un aforro neto porque te obrigan, non pagas esto nin esto nin esto, entonces xeneras efectivamente un aforro.

Sr. Mesias Farias, nos non estamos de acordo que o aforro teña que vir por ahí.

Sr. Alcalde: non se pode traer aquí un acordo que non vamos a cumprir, eso é o que efectivamente entende o grupo de goberno.

Seguidamente e pola vía urxencia o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte MOCION da cal da lectura integral:

### **MOCIÓN DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE ARES SOBRE A ELABORACIÓN DO PXOM**

O grupo Municipal do BNG do Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Segundo o cronograma aprobado pola Xunta en Maio do 2011, articulábanse os prazos, procedimentos e achegas para a elaboración do PXOM de Ares, quedando do seguinte xeito:

fases		Previsión temporal	Porcentaxe	Aboamentos parciais	Anualidades	
1º.b).	Presentación do Anteproxecto	10/2011		7.647,556	2011	7.647,556
2ºAb	PrCs. para inf.previo á apr. Inic.	08/2012	20%	19.1108C-	2012	19.118,886
3ºAb.	Aprobación Inicial	06/2013	20%	19.118.S8G	2013	19.118,886



4ºAb.	Aprobación Provisional	06/2014	20%	19.HS.S86	2014	19.118,886
5ºAb.	Aprobación Definitiva	06/2015	20%	19.11S.88C	2015	19.118,886

Non embargantes, a Xunta Municipal de Goberno do pasado 7 de Xuño deste ano "dase por enterada" ( quen cala, consinte ) do novo cronograma aprobado pola Xunta, que agora quedaría así:

Fases		Puromtoce	Aboamentos parciais	Anualidades	
<b>1.a.b).</b>	Presentación do Anteproyecto		7.647,55 €.	<b>2013</b>	<b>7.647,55 €.</b>
<b>2AAb</b>	Pres. para inf. Previo á	<b>20%</b>	<b>19.118,88 e</b>	<b>2014</b>	<b>19.118,88 €.</b>
<b>3*Ab</b>	Aprobación inicial	<b>20%</b>	<b>19.118,88 €.</b>	<b>2015</b>	<b>38.237,76 €</b>
<b>4*Ab</b>	Aprobación Provisional	<b>20%</b>	<b>19.118,88 €.</b>		
<b>52 Ab</b>	Aprobación Definitiva	<b>20%</b>	<b>19.11838 €</b>	<b>2016</b>	<b>19.11838 €</b>

Do "reaxuste" realizado - soubemos que amparado novamente na política de recortes - é evidente que as actuacións previstas para os anos 2011 e 2012 desaparecen, adiándose a presentación do proxecto para o 2013. Enténdese, pois, que áo marxe da evidencia práctica do pasado ano, tamén neste exercicio de 2012 a tramitación do novo Plan Xeral vai ser, na práctica, inexistente.

Unha situación paradoxal, por canto desde hai un ano se presentara o acordó entre o PSOE e NAL como o garante para a elaboración con carácter prioritario do novo PXOM, articulándose en paralelo unha serie de decisións - nomeadamente, no ámbito económico -dirixidas a favorecer a creación dunha praza "asesor administrativo" para a xestión do novo Plan nos orzamentos do 2012; á que hai que engadir tamén a Comisión de Seguimento do PXOM - presidida polo concelleiro de NAL e da que só forman parte ese grupo e o PSOE -pola que ingresa cada membro 200 euros por reunión.

Todo isto, nunha situación na que o concello tería que estar a aplicar un plan de axuste por mor da desastrosa política económica levada a cabo nos últimos anos; da que debería ser bandeira a racionalización do gasto público , a priorización do mantemento dos servizos públicos básicos e a atención ás cada vez máis amplias necesidades do conxunto da poboación. Todo o contrario do que está a facerse desde o goberno PSOE-NAL, que seguen nunha dinámica de gasto que, entre outros, evidenciase no informe elaborado o pasado 23 de Xullo polo Secretario-Interventor, no que se explícita que *"...Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe NON se cumpre o obxectivo de estabilidade ornametaria..."*.

Á vista desta situación e, reiterando as demandas que o BNG ten feito a respecto da elaboración do novo PXOM, solicitamos do pleno do concello a adopción dos seguintes

## ACORDOS

1.- Proceder á creación da Comisión de Seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares, conformanda pola representación do conxunto dos grupos con presenza na corporación, técnicos municipais e responsábeis da empresa redactora do documento. Esta comisión



definirá os criterios básicos para a elaboración con carácter prioritario do novo PXOM, así como o cronograma dos traballos.

2- Renunciar ( ou retirar) as consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos do 2012 para a praza de "asesor administrativo" do novo PXOM, así como as asistencias á denominada "Comisión de Seguimento" do mesmo, adicando as cantidades correspondentes á mellora dos servizos públicos, vías municipais e gasto social."

O Sr. Alcalde manifesta: que como tratase dunha Moción que vai en contra do que é a política en materia de elaboración do planeamento sigue o grupo de goberno, sabemos que hai un pacto efectivamente para redactar o Plan porque non temos a maioría para sacalo adiante, en consecuencia necesitamos 7 votos e NAL efectivamente está colaborando nesa redacción, bueno pois por esa razón, loxicamente é loxico que o grupo que quere defendela a traiga pola vía de urxencia.

Sometida o votación a urxencia: o Pleno da Corporación 6 votos a favor (4 PP e 2 BNG) e 7 votos en contra ( 6 PSdeG-PSOE e 1 NAL), acorda rechazar a urxencia.

#### **PUNTO 11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, quen manifesta que nos temos dúas unha é a Resolución da Alcaldía 201/12 sobre a subvención a Entidade recreativa e deportiva Xabre, primeira pregunta e que criterio se segue para darlle unha subvención de 3000 euros, subvención nominativa que figura nos orzamentos municipais de 3000 euros para a celebración do Open Concello de Ares 2012 de dominó, a nosa pregunta é ¿Qué criterios se seguiron para conceder esta subvención? e segundo ¿non cree que é un agravio comparativo co resto das Entidades Culturais e Deportivas do Concello? e comparativamente falando con respecto do traballo realizado e da subvención recibida.

A outra é a Resolución 212/12 referida ó contrato menor de servizo de Seguridade e vixianza da terceira feira mariñeira, en que consistiu e porque este ano se fixo este contrato.

O Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu en primeiro lugar o mes de xullo nos fixemos tres ou catro preguntas, cortaches o Pleno non nos respostache e esperaba que as entregaras por escrito, porque se non respostas as preguntas oralmente tes a obrigaçión de traelas por escrito na seguinte sesión. Coincidir co tema da feira mariñeira e un rogo, este ano viñeron poucos postos e un rogo que lle fago ó presidente da Comisión, que cando se poña a data se intente non coincidir cos grandes eventos que hai como en Rivadavia e outros



Concellos que eses son os que tiran e teñen tradición, e buscar unha data que non coincida con eso, porque senón, temos que ter cuidado, pois a feira mariñeira deste ano comparada coa do ano pasado nada que ver, entonces temos que falar coa empresa que xestiona esto, e empezar a buscar unha data que sexa idónea, que sexa en xullo ou en agosto para que podamos quitarlle rentabilidade á festa, temos que buscar que sexa como o ano pasado que viñeron casi todos e este ano se veía pois bastante coxa porque faltaban bastantes postos.

Resposta o SR. Alcalde, o das subvencións, hai unha convocatoria anual pero todos coñecemos que as cantidades que se manexan nesa convocatoria oscilan entre 300, 500, 1000 2000, 2500, máis o menos son términos, as cantidades oscilan entre 300 e 2000 ou 2500 euros, pero sen embargo había dúas entidades que estaban recibindo moitísimo máis, e entonces non parecía correcto nunha mesma convocatoria xenerar desigualdades tan amplas, e segundo as actividades desas entidades eran reiteradas eran todos os anos, entonces me refiro concretamente o Clube de Remo coa regata de traineras con 6000 euros que pode parecer un agravio comparativo con outras entidades, e a Regata Concello de Ares co clube Nautico que son 5000 euros, entonces efectivamente todos os anos se xeneran estas actividades entonces decidimos sacalas da convocaotira de subvencións para ir pola vía de convenio pola contía, e esa regra se materializou en que todas as subvencións superiores a 1500 euros se materializan pola vía de convenio máis de 2500-3000 xa é unha cantidade importante, entonces decidimos materializalas por vía de convenio e non metela na convocatoria de subvencións para non xenerar nese sentido dentro dunha mesma convocatoria malos entendidos porque hai tanta diferenza, non se pode facer unha regata de traíñas con menos de 6000 euros, e non se pode facer a Regata do Nautico por menos de 5000 euros, entonces eso o quitamos das subvencións e vai por vía de convenio, e de vez en cando aparecen acontecementos extraordinarios que efectivamente decidimos apoiar, entonces un ano creo que foi un campeonato de Tenis que foron 3000 euros, outro ano foi a Peña Barcelonista o encontro que foron 6000 euros, agora ven a xunta de peñas Deportivistas según me fixeron chegar, e o do Dominó, entonces ó lado das subvencións ordinarias e dos convenios aparecen actividades extraordinarias que se fai unha cada vinte anos, porque efectivamente non volve haber aquí outra concentración de Peñas de Barcelonistas nunca, porque xa se fixo unha, igual que si se fai a do Deportivo pois non volverá a haber unha en moitísimos anos, ou se se fai o campeonato galego de Dominó non vai a ser sempre aquí, entonces efectivamente o lado das subvencións ordinarias, as que pasan de 3000 euros van pola vía de convenio e hai van tanto as fixas que son dúas regatas como os acontecementos extraordinarios, un ó ano admitimos. En consecuencia cales son as razón que nos levan, pois que as xestione xente do pobo, non lle damos diñeiro a xente de Coruña, nin a xente de Madrid, hai aquí xente que xoga o Dominó e prantexaron un torneo e se lle deu a subvención, como non seu momento á Peña Barcelonista, que e xente de aquí prantexou un acontecemento e se lle deu a subvención. Evidentemente se poden compartir ou non as razóns, pero efectivamente é a acción política deste goberno e non ten porque ser



compartida, pero si evidentemente ten que ser explicada e nese sentido se explica e esa é a razón; por certo non é o primeiro torneo de Dominó que se subvenciona, hai dúas asociacións de Dominó e eu fun contigo Manuel unha vez a entregar uns trofeos, e agora se subvenciona á outra.

Sr. Manuel Cendán, a diferenza e eu preguntaba esto e que por parte da Concellería ou se o levas ti, o normal é que a nos se nos informará de que ía a facer o segundo Open Concello de Ares o noso Clube que é mais antigo para a organización dese evento.

Sr. Alcalde, pero Manuel cando fai unha regata o Clube de Remo de Ares, eu non lle notifico nada o clube de Remo de Redes, este xestiona o tema cos seus socios, e presente un proxecto razoable se lle subvenciona e listo e nese sentido intentamos colaborar o mellor que podemos e xenerar impacto, estas cousas traen xente o pobo, a regata do Remo so hai que ver todos os autobuses e movemento que traen, incluso houbo clubes que se quedaron a dormir e comeron aquí, o mesmo sucede co domino que di que foron cento e pico parellas, pero esta claro que todo esto xenera actividade.

E o da Feira Mariñeira, todos os anos faciamos a Feira Mariñeria e pagábamos 6000 euros a una Entidades que se encargaba de todo, e gañaban diñeiro porque nos lle pagábamos 6000 euros e logo eles vendían o espacio para poñer os postos, e claro nos pareceu unha tomadura de pelo, entonces decidimos organizala nosoutros, entonces nos aforramos os 6000 euros os postos lles cobramos nosoutros e ingresamos 3400 euros, pero tamén a seguridade temos que poñela nosoutros e pagar 800 euros, antes o que lle dabas 6000 euros te facía todo, agora nos aforramos os 6000 euros o que lle cobraban os postos o ingresamos nosoutros e agora podemos dicir gañamos diñeiro coa feira mariñeria, non ganamos pero non perdemos, porque cobramos de postos unos 3400, viñeron 25 postos o primeiro día e logo no transcurso da Feira Mariñeira se incorporaron 5 máis, e dicir o ultimo día houbo 30 postos, houbo efectivamente unha diminución de postos en toda canta feira se organizou, a Feira Medieval de Betanzos foi un desastre, por primeria vez lles fallou casi un 40 por cen dos postos a xente non ten diñeiro, incluso na Feira moitos vendedores se queixaban de que non houbo movemento, estamos nunha situación xeneralizada de crise e estos acontecementos tamén a padecen. Entonces porque hai que pagar a seguridade, porque quen organizou a Feira fumos nos. Agora o facemos nos e antes o facia a empresa Pegasus de Valencia.

E coa feira mariñeira, tes primeiro que non te coincida cun evento do pobo, o primeiro ano coincideu coas Festas de Lubre, se temos que preocuparnos que non coincida con outros actos non temos fines de semana en Agosto.

Toma a palabra o Sr. Fernando Lago, manifestando que todos os postos que viñeron tiñan a condición de Autonomos, e tiñan os papeis en regra, pois as inspeccións de traballo



están sendo moi exhaustivas con este tipo de actos, e o que se lles dixo que vamos a tratar de manter esta Feira para o último fin de semana de Agosto, eles desde o mento que se foron de aquí xa saben que o último fin de semana de agosto vai a facerse esta Feira, os vintecinco autónomos que viñeron se levaron esa idea. Dicur que a empresa Pegasus cobraba por un posto de 3 metros 300 euros, e nos por este tipo de posto cobrábamos 100 euros.

E non tendo máis asuntos para tratar e sen do as doce horas e once minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,